



# CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de febreiro de dous mil doce, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE FEBREIRO DE DOUS MIL DOCE.

José Luís Maceda Vilariño  
Manuel González Moreira  
José Luís Rodríguez Franco  
Ricardo Rodicio González  
José Antonio García Pérez  
Inés Olmo González  
Juan Ramón Méndez Quiroga  
David López Goyanes  
Fernando Parada Veiga  
Adoración Fernández González  
Javier González González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte horas do día vinte e nove de febreiro de dous mil doce, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia once, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### 1.- PARTE DISPOSITIVA:

##### **1.01º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.**

Por unanimidade se acorda a aprobación das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o día vinte e oito de decembro de dous mil once.

##### **1.02º.- PROXECTO TÉCNICO DA HUMANIZACIÓN DE RÚAS NO NÚCLEO DA POBRA DO BROLLÓN.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

O concello ten asinado co Ministerio de Fomento un protocolo para a execución da obra de "humanización das rúas no núcleo da Pobra do Brollón aprobado polo pleno o día catro de abril de dous mil once. A tal fin o concello aprobou con data once de agosto do mesmo ano o proxecto técnico.

Por parte do ministerio, recibido o proxecto, se manifestaron diversas obxeccións ao mesmo, polo que esta alcaldía ordenou ao seu redactor facer as oportunas modificacións. Feitas estas, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

*- Aproba-lo proxecto técnico modificado da obra de "humanización de rúas no núcleo da Pobra do Brollón" redactado polo arquitecto Xosé Lois López Otero en decembro de 2011.*

O alcalde informa sobre as modificacións máis importantes como a supresión dunha pasarela prevista sobre o río, a execución da sinalización, a colocación de céspede artificial na glorieta, o aumento do radio de xiro na mesma e o alongamento da mellora na avenida de Outeiro.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.03º.- CENTRO PÚBLICO DE CONTINUIDADE PARA PERSOAS DISCAPACITADAS E SEN AUTONOMÍA PERSOAL.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

O Colexio de Educación Especial Infanta Helena, situado en Monforte, presta dende hai anos un servizo fundamental para os pais e nais e para os rapaces e rapazas con diferentes graos de discapacidade.

Este centro acolle nas súas instalacións a menores con discapacidade de etioloxía variada, non só da comarca de Monforte, senón tamén de comarcas da bisbarra como Sarria, Chantada, Quiroga ou Valdeorras.

O labor que levan a cabo os/as profesionais do Infanta Helena cos rapaces e rapazas usuarios do Centro resulta primordial para o desenvolvemento educativo e a mellora da calidade de vida dos menores, pero, ademais, o servizo que presta este Centro de Educación Especial é de vital importancia para os pais e nais na medida en que lles posibilita levar a cabo unha vida digna, desenvolvendo as súas aptitudes como persoas capacitadas para exercer unha profesión e sumarse ó mundo laboral.

Os pais e nais do alumnado do Colexio de Educación Especial Infanta Helena atópanse con un grave problema cando os seus fillos cumpren 21 anos, idade máxima de acollida neste centro, unha situación que non pode resultarlle allea á sociedade da que formamos parte.

Despois de ter mantido diversos encontros cos pais e nais da APA do Infanta Helena, consideramos que estas persoas con distintos graos de discapacidade necesitan un centro específico onde dispoñan de atención permanente despois de ter cumprido os 21 anos. Tamén estimamos que a posta en funcionamento dun Centro destas características resulta imprescindible para que os pais e nais destes rapaces e rapazas poidan seguir desenvolvendo o seu papel na sociedade como persoas activas, con tódolos dereitos e capacidades para formar parte do mundo laboral.

Por todo isto, propoñémoslle ó Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

*- Instar á Xunta de Galicia a:*

- 1. Crear en Monforte de Lemos un Centro de Continuidade que acolla a estes mozos e mozas unha vez que cumpran os 21 anos de idade.*
- 2. Comunicar á Xunta de Galicia que o Concello de Monforte adquire o compromiso de ceder os terreos necesarios para a construción do devandito Centro.*

Intervén o portavoz independente.

Había cando as eleccións un proxecto estrela no concello de Bóveda de facer alí un centro de discapacitados. Falouse diso?

Responde o alcalde.

Neste caso é para persoas de máis de 21 anos, solicítano o centro e os pais.

Intervén o portavoz independente.

Digo que antes de facer un proxecto novo se se pode retomar o de Bóveda.

Responde o alcalde.

Non. Isto foi o que solicitou o centro Infanta Elena, e o que se acordou por todos os alcaldes.

#### **1.04º.- RECURSO DE REPOSICIÓN.**

Dáse conta do seguinte recurso de reposición ditaminado pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

JOSÉ LUIS MACEDA VILARIÑO, con NIF 33.304.454-V, e MANUEL GONZÁLEZ MOREIRA, con NIF 34.250.496-T, Alcalde e Concelleiro, respectivamente, deste Concello, con domicilio para o efecto da notificación na Casa Consistorial da Pobra do Brollón, ante este Pleno comparen e, como mellor proceda en dereito,

#### **EXPOÑEN**

- I. Que na sesión extraordinaria celebrada o 28.12.2011 este Pleno municipal acordou aprobar a proposta de revisión salarial do equipo de goberno para o ano 2012 nos seguintes termos:
  - “Asignar para o 2012 a retribución por hora diaria do Alcalde en 162€ mensuais. Isto significa unha rebaixa nun 40% a retribución por cada hora de traballo diaria o mes, respecto o ano 2011. En canto as horas de traballo que tiña asignadas, que eran de sete horas e media diarias, entendemos que tamén deberán baixarse xa que agora vai a ter outro traballo e non poderá estar tanto tempo na Alcaldía. Dita xornada cremos que no la debe indicar o Sr. Alcalde, xa que nos non sabemos o tempo que necesita para o seu traballo de veterinario.
  - Asignar para o ano 2012 a retribución por hora diaria dos concelleiros en 125€ mensuais. Isto significa unha rebaixa nun 50% a retribución por cada hora diaria de traballo o mes, respecto o ano 2011. En canto as horas de traballo que tiña asignadas, que eran de cinco horas e media diarias, entendemos que tamén deberán baixarse; debido a que o Concelleiro que cobra este salario ten outras actividades profesionais, e entendemos que a xornada de cinco horas e media diarias de dedicación o Concello non é compatible cos seus outros traballos, sobre todo cando un destes é a hostalería. Dita xornada cremos que non la debe indicar o Concelleiro D. Manuel González Moreira, xa que nos non sabemos o tempo que necesita para as súas actividades profesionais.

Cabe sinalar que as retribucións económicas que se sinalan nesta moción, corresponden ás contías brutas mensuais, e que serán asignadas en 14 retribucións anuais”.

Achégase copia da acta da aprobación como doc nº 1.

- II. Que, considerando que dita resolución non se axusta a Dereito, a medio deste escrito formulan, en tempo e forma, RECURSO DE REPOSICIÓN en base aos seguintes

#### **MOTIVOS**

##### **PRELIMINAR.- Normativa reguladora da materia.**

Como se sinalará nos motivos seguintes deste escrito, o acordo obxecto de impugnación incorre en diversos vicios de nulidade absoluta e relativa, por canto supón unha vulneración frontal de diversos preceptos do ordenamento xurídico vixente.

Non obstante, antes de proceder a concretar as devanditas infraccións, cómpre, sinalar, en primeiro lugar, os preceptos máis relevantes en relación coas retribucións dos membros das Corporacións Locais:

##### **I. CARTA EUROPEA DE AUTONOMÍA LOCAL, DO 15.10.1985: ART. 7.**

De conformidade co disposto no artigo 93 da Constitución, é Dereito plenamente vixente no noso país e aplicable a todos os Tribunais o derivado dos Tratados comunitarios, entre os que se atopa a Carta Europea de Autonomía Local, do 15 de outubro do 1985, ratificada por España mediante Instrumento de adhesión do 20.01.1988.

Pois ben, segundo o art. 7 da mencionada Carta Europea, no que atinxe ás condicións do exercicio das responsabilidades a nivel local, “o estatuto dos representantes locais debe asegurar o libre exercicio do seu mandato”, así como “permitir a compensación financeira axeitada aos gastos causados con

motivo do exercicio do seu mandato, así como, se chega o caso, a compensación financeira dos beneficios perdidos ou unha remuneración do traballo desempeñado e a cobertura social correspondente".

## II. LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, DAS BASES DO RÉXIME LOCAL (LBRL): ART. 75.

Por outra banda, é necesario traer a colación o disposto no art. 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local e, en concreto, no apartados 1 a 7, que establecen o seguinte:

1. "Os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pagamento das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior.

No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos Orzamentos das Administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

2. Os membros das Corporacións Locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar función de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, en cuxo caso serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as contas empresariais que corresponda salvo o disposto no artigo anterior. Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen no seu caso, nas Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelada esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción de ditas retribucións.

Os membros das Corporacións Locais que sexan persoal das Administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no art. 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto do presente artigo.

3. Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

4. Os membros das Corporacións Locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o pleno corporativo.

5. As Corporacións Locais consignarán nos seus Orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias a que se fai referencia nos catro números anteriores, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan, no seu caso. Deberán publicarse integramente no Boletín Oficial da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

6. Aos efectos do disposto no art. 37.3, d) do Estatuto dos Traballadores e no art. 30.2 da Lei 30/1984, enténdese por tempo indispensable para o desempeño do cargo electivo dunha Corporación Local, o necesario para a asistencia ás sesións do Pleno da Corporación ou das Comisións e atención ás Delegacións de que forme parte ou que desempeñe o interesado.

7. Os representantes locais, así como os membros non electos da Xunta de Goberno Local, formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.

Formularán así mesmo, declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades.

Tales declaracións, efectuadas nos modelos aprobados polos Plenos respectivos, levaranse a cabo antes da toma de posesión, con ocasión do cese e ao final do mandato, así como cando se modifiquen as circunstancias de feito.

As declaracións anuais de bens e actividades serán publicadas con carácter anual, e en todo caso no momento da finalización do mandato, no termos que fixe o Estatuto municipal.

III. REAL DECRETO 2568/1986, DO 20 DE NOVEMBRO, POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E RÉXIME XURÍDICO DAS ENTIDADES LOCAIS (ROF): ART. 13.

No mesmo senso ca os preceptos anteriores, o art. 13 do Real Decreto 2568/1986, do 20 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, vixente en Galicia en virtude do establecido na disposición final segunda, parágrafo 3, da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia establece o seguinte:

1. "Os membros das Corporacións Locais terán dereito a percibir con cargo ao orzamento da entidade local, as retribucións e indemnizacións que correspondan, nos termos que se determinan nos parágrafos seguintes.

2. De acordo co establecido no art. 75.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, terán dereito a percibir retribucións e a ser dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social os membros das Corporacións Locais que desenvolvan as súas responsabilidades corporativas en réxime de dedicación exclusiva.

No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa de calquera outra retribución con cargo aos Orzamentos das Administracións públicas e dos Entes, Organismos e Empresas delas dependentes.

3. O recoñecemento da dedicación exclusiva a un membro da Corporación esixirá a dedicación preferente do mesmo ás tarefas propias do seu cargo, sen prexuízo doutras ocupacións marxinais que, en calquera caso, non poderán causar detrimento á súa dedicación á Corporación. No caso de que tales ocupacións sexan remuneradas, requirirase unha declaración formal da compatibilidade por parte do Pleno da entidade local.

4. O Pleno corporativo, a proposta do Presidente, determinará, dentro da consignación global contida a tal fin no Orzamento, a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva e, polo tanto, con dereito a retribución, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade.

O nomeamento dun membro da Corporación para un destes cargos só suporá a aplicación do réxime de dedicación exclusiva se é aceptado expresamente por aquel, en cuxo caso esta circunstancia será comunicada ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

5. Todos os membros da Corporación, incluídos o que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva, terán dereito a recibir indemnización polo gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que neste sentido aproba o Pleno corporativo.

Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, na contía que sinale o Pleno da mesma. Non obstante, todos poderán percibir esta clase de indemnizacións cando se trate de órganos reitores de Organismos dependentes da Corporación Local que teñan personalidade xurídica independente, de Consellos de Administración de Empresas con capital ou control municipal ou de Tribunais de probas para selección de persoal".

PRIMEIRO.- Desviación de poder.

Da análise dos preceptos indicados, dedúcese a estreita vinculación existente, como pon de releve o art. 7 da Carta Europea de Autonomía Local (apartados 1 e 2) entre a liberdade no exercicio do mandato, que vén esixida para todos os representantes locais, e a correspondente e axeitada compensación financeira polos gastos causados con motivo do exercicio do seu mandato, así como, de selo caso, a dos beneficios perdidos ou unha remuneración do traballo desempeñado e a cobertura social correspondente.

En efecto, da lexislación vixente extráese a obriga de garantir o libre exercicio do mandato dos membros das Corporacións Locais, estando este ineludiblemente ligado á independencia na debida com-

pensación financeira, que ha de ser adecuada aos gastos causados con motivo do seu exercicio e remuneratoria do traballo desempeñado. Todo iso en congruencia co disposto no art. 23 da Constitución española:

“1. Os cidadáns teñen o dereito a participar nos asuntos público directamente ou a medio de representantes libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal”

2. Así mesmo, teñen dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos que sinalen as leis”.

Deste xeito, a compensación económica polos gastos causados ou a remuneración do traballo realizado polos representantes locais en ningún caso habería de derivar de finalidades alleas ás que contempla a propia norma (compensación polo traballo desempeñado), pois en tal circunstancia constituiría unha desviación de poder proscrita polo ordenamento xurídico.

Así o establece o art. 63.1 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común: “son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder”, sendo definida dita infracción no art. 70.2 da Lei 29/1998 da Xurisdición Contencioso-administrativa como “o exercicio de potestades administrativas para fins distintos dos fixados polo ordenamento xurídico”.

Así pois, os motivos expostos no acordo plenario do 28.12.2011 para proceder á diminución da remuneración –situación de crise actual, débeda excesiva do Concello e que todos os membros do goberno teñen outros traballos e as súas respectivas profesións- non son válidos para adoptar o mencionado acordo, posto que se desvían da finalidade prevista normativamente para fixar ditas retribucións: que a compensación económica se ha de fixar en atención ás funcións desempeñadas polos representantes locais. Así se deduce, tamén, da propia literalidade do art. 13.4 ROF: “... así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade”.

Porén, a irregular finalidade/motivación do acordo plenario impugnado – da que os membros do Pleno estaban informados en virtude do informe do Secretario do Concello, unida ao feito de que os agora recorrentes –membros do executivo municipal- se atopan en situación de minoría no Pleno, leva a concluír que a resolución adoptada se está a configurar como un instrumento de coerción, control e sometemento aos intereses maioritarios actualmente vixentes na Corporación Municipal. E isto, como quedou posto de releve anteriormente, choca frontalmente coa liberdade preconizada a respecto do exercicio do mandato dos representantes locais.

Neste senso, cómpre sinalar que o control democrático do goberno do Concello ha de realizarse a través de reprobacións, cuestións de confianza e mocións de censura, máis non a medio dunha instrumentalización da compensación económica á que legalmente teñen dereito os representantes locais, pois supón unha desviación de poder.

Así o t recoñecido a xurisprudencia e, nomeadamente, a sentenza do 21.12.2010 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, que sinala o seguinte:

“Debe recordarse ante todo que el ordenamiento jurídico habilita a la Administración para actuar atribuyéndole potestades, atribución ésta que se realiza siempre en atención al logro de un determinado fin que explícita o implícitamente dibuja el propio ordenamiento. La idea del fin resulta así elemento absolutamente esencial de las potestades administrativas y por ello nada ha de extrañar que normas del más diferente rango vengan refiriéndose al mismo: artículos 106.1º de la Constitución, 83.3º de la Ley Jurisdiccional, 40.2º de la Ley de Procedimiento Administrativo, y hoy artículo 53.2º de la Ley 30/1992, de 26 noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

Y no resultará ocioso destacar la muy cuidada expresión de los textos legales que acaban de citarse. Piénsese en el sentido de los verbos “justificar”, es el que aparece en la Constitución, y “fijar”, es el que utiliza la Ley Jurisdiccional. Sólo el fin perseguido “justifica” una actuación administrativa y además ese fin ha de ser precisamente el “fijado” por el ordenamiento jurídico. Sólo en atención a un fin se ha atribuido la potestad. Más allá de ese fin no cabe una válida actuación de aquélla. La necesidad de perseguir justamente ese fin en el actuar administrativo es una “regla psicológica” esencial para la Administración.

Es claro así que el fin de las potestades administrativas, “fijado” por el ordenamiento jurídico, integra siempre un elemento reglado de aquéllas de suerte que un control de legalidad pue-

de llegar a la apreciación de la desviación de poder sin extralimitarse pues no implica valoraciones de oportunidad.

En el mismo sentido ha de entenderse que el control de legalidad incluye el examen del plan a la luz de las exigencias de los principios generales del derecho puesto que éstos al integrar -precisamente en su más íntima esencia- el ordenamiento jurídico quedan plenamente incluidos en el ámbito del principio de legalidad - Sentencia de 18 mayo 1992 -: la Administración no sólo está sujeta a la Ley sino también al Derecho (artículo 103.1 de la Constitución), es decir a algo distinto de la Ley y que se identifica con los principios, como ya puso de relieve la magistrada Excmo. de Motivos de la Ley Jurisdiccional. Son los principios la atmósfera en que se desarrolla la vida jurídica, el oxígeno que respiran las normas y, así, al informar todo el ordenamiento jurídico (artículo 1.4 del Título Preliminar del Código Civil) y por tanto la norma habilitante que atribuye la potestad discrecional resulta claro que la actuación de ésta ha de ajustarse a las exigencias de aquellos y más concretamente a las del principio de interdicción de la arbitrariedad de los poderes públicos (artículo 9.3 de la Constitución) que en lo que ahora importa aspira a evitar que se traspasen los límites racionales de la discrecionalidad y se convierta ésta en fuente de decisiones que no resulten justificadas.

Importa advertir, como señala la Sentencia del Tribunal Supremo de 20 de noviembre de 1.992 que la desviación de poder es un vicio del acto administrativo para cuya apreciación es necesario comparar dos "fines": por un lado el "general" en cuya contemplación el ordenamiento jurídico atribuye la potestad a la Administración y por otro el que en "concreto" ha perseguido la Administración al dictar el acto cuya legalidad se discute.

Y puesto que este vicio exige una indagación en el terreno psicológico que resulta ser de muy difícil prueba, habrá que acudir normalmente a las presunciones que son un juicio lógico por cuya virtud de un hecho "base" se extrae un hecho "consecuencia", exigiéndose que el hecho "base" esté "completamente acreditado" (artículo 1.249 del Código Civil) y que entre el hecho "base" y el hecho "consecuencia" exista "un enlace preciso y directo según las reglas del criterio humano" (artículo 1.253 del ya citado Código).

En el caso que ahora se examina a través de la prueba testifical se ha acreditado que efectivamente a través del Acuerdo del Pleno se pretendía lograr la dimisión del Alcalde y su grupo de gobierno, al no ser posible una moción de censura, por lo que se estima que si hubo desviación de poder. Las facultades del Pleno relativas a la determinación del régimen de exclusividad y fijación de sueldos, no están previstas como instrumento para conseguir el cese de los cargos electos, sino para retribuir adecuadamente a los representantes públicos, y su uso con otros fines distintos constituye una clara desviación de poder".

#### SEGUNDO.- Vulneración do principio de interdicción da arbitrariedade dos Poderes Públicos.

Como xa sinalou a antedita sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, a actuación das Administracións Públicas e, xa que logo, do Pleno municipal de Brollón, ha de axustarse ao principio de interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos, recollido no art. 9.3 da Constitución.

Así pois, a fixación das remuneracións e das horas de dedicación realizada polo Pleno municipal habería de cingirse a criterios obxectivos e racionais que xustificasen as concretas porcentaxes de redución. Non obstante, o acordo recorrido carece totalmente dunha argumentación técnica/racional que xustifique o porqué de ditas concretas reducións, resultando arbitraria e, en consecuencia, contraria ao ordenamento xurídico vixente.

Neste senso, cómpre sinalar que tampouco constitúe unha fundamentación xurídica suficiente, o feito de que os recorrentes realicen actividades profesionais/comerciais privadas, posto que o propio Pleno recoñeceu a súa compatibilidade coas funcións de Alcalde que está a desempeñar.

#### TERCEIRO.- Vulneración do principio de igualdade.

O art. 14 da Constitución establece que "os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social".

Pois ben, o acto plenario obxecto deste recurso constitúe unha vulneración do devandito precepto, por canto se fundamenta, entre outras cuestións, en que o Alcalde e Concelleiros dispoñen de ingresos provintes das súas respectivas actividades profesionais, o que evidencia unha actuación discrimina-

toria baseada nunha "condición ou circunstancia persoal" do Alcalde e Concelleiros que non ten sustento xurídico.

En efecto, se, como se sinalou anteriormente, o obxecto/finalidade da retribución dos representantes locais debe ser a compensación polas tarefas desempeñadas no exercicio das súas funcións no Concello, a todas luces debe ser irrelevante a situación económica persoal de ditos representantes - nomeadamente, a percepción ou non de determinados ingresos por unha actividade privada propia-. Unha interpretación contraria, conduciría a que se remunerase aos membros dunha Corporación Local, e polo desempeño das mesmas funcións, de maneira distinta, segundo dispuxesen ou non de ingresos propios, atentando frontalmente contra o principio de igualdade constitucionalmente recoñecido.

Ademais, cómpre subliñar que, como ben recoñece o propio acto impugnado, os ingresos percibidos polos recorrentes proceden do exercicio dunha actividade profesional/comercial privada - actividades recoñecidas como compatibles co desenvolvemento das funcións do Concello polo propio Pleno- e, en ningún caso, deben considerarse destinados a compensar parcialmente -como semella deducirse do acordo impugnado- o desempeño das funcións propias de Alcalde e Concelleiro.

CUARTO.- Vulneración do art. 13 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

O art. 13 do ROF establece, no seu parágrafo 4, que "o Pleno corporativo, a proposta do Presidente, determinará, dentro da consignación global contida a tal fin no Orzamento, a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva e, polo tanto, con dereito a retribución, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade.

Pois ben, o acordo plenario obxecto deste recurso vulnera o mencionado precepto, dado que non se adoptou a proposta do Presidente, que é o único lexitimado para elevar dita proposta ao Pleno. Así o corrobora a sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, ditada en data do 21.10.2010 nun suposto semellante:

" CUARTO.- En segundo lugar debemos analizar si el Acuerdo del Pleno infringía el artículo 13 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales.

Dicho artículo preceptúa «1. Los miembros de las Corporaciones Locales tendrán derecho a percibir, con cargo al Presupuesto de la Entidad local, las retribuciones e indemnizaciones que correspondan, en los términos que se determinan en los párrafos siguientes. 2. De acuerdo con lo establecido en el artículo 75.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, tendrán derecho a percibir retribuciones y a ser dados de alta en el Régimen General de la Seguridad Social los miembros de las Corporaciones Locales que desarrollen sus responsabilidades corporativas en régimen de dedicación exclusiva. En el supuesto de tales retribuciones, su percepción será incompatible con la de cualquier otra retribución con cargo a los Presupuestos de las Administraciones Públicas y de los Entes, Organismos y Empresas de ellas dependientes. 3. El reconocimiento de la dedicación exclusiva a un miembro de la Corporación exigirá la dedicación preferente del mismo a las tareas propias de su cargo, sin perjuicio de otras ocupaciones marginales que, en cualquier caso, no podrán causar detrimento a su dedicación a la Corporación. En el caso de que tales ocupaciones sean remuneradas, se requerirá una declaración formal de compatibilidad por parte del Pleno de la Entidad local. 4. El Pleno corporativo, a propuesta del Presidente, determinará, dentro de la consignación global contenida a tal fin en el Presupuesto, la relación de cargos de la Corporación que podrán desempeñarse en régimen de dedicación exclusiva y, por tanto, con derecho a retribución, así como las cuantías que correspondan a cada uno de ellos en atención a su grado de responsabilidad. El nombramiento de un miembro de la Corporación para uno de estos cargos sólo supondrá la aplicación del régimen de dedicación exclusiva si es aceptado expresamente por aquél, en cuyo caso esta circunstancia será comunicada al Pleno en la siguiente sesión ordinaria. 5. Todos los miembros de la Corporación, incluidos los que desempeñen cargos en régimen de dedicación exclusiva, tendrán derecho a recibir indemnizaciones por los gastos ocasionados por el ejercicio del cargo, cuando sean efectivos, y previa justificación documental, según las normas de aplicación general en las Administraciones Públicas y las que en este sentido aprueba el Pleno corporativo. 6. Sólo los miembros de la Corporación que no tengan dedicación exclusiva percibirán asistencias por la concurrencia efectiva a las sesiones de los órganos colegiados de que formen parte, en la cuantía que señale el Pleno



de la misma. No obstante, todos podrán percibir esta clase de indemnizaciones cuando se trate de órganos rectores de Organismos dependientes de la Corporación Local que tengan personalidad jurídica independiente, de Consejos de Administración de Empresas con capital o control municipal o de Tribunales de pruebas para selección de personal».

El Acuerdo del Pleno efectivamente vulnera dicho artículo y ello porque no se adoptó a propuesta del Presidente, que es el único legitimado para elevar dicha propuesta al Pleno”.

QUINTO.- Vulneración do procedemento legalmente previsto.

A resolución recorrida, ao afectar a un acto declarativo de dereitos –o acordo plenario do 07.07.2011, polo que se recoñeceron as retribucións e dedicacións ao Alcalde e Concelleiros- infrinxe o disposto no art. 110 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, que é do seguinte teor literal:

“1. Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de nulidade de pleno dereito e a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria, nos casos e de acordo co procedemento establecido nos artigos 153 e 154 da Lei Xeral Tributaria.

2. Nos demais casos, as entidades locais non poderán anular os seus propios actos declarativos de dereitos, e a súa revisión requirirá a previa declaración de lesividade para o interese público e a súa impugnación na vía contencioso-administrativa, consonte á Lei de dita Xurisdición”.

Sentado o anterior, cabe concluír que o acordo plenario do 28.12.2011, vulnera o disposto no mencionado art. 10.2, polo que é nulo de pleno dereito consonte ao establecido no art. 62 da Lei 30/1992.

A este respecto, é tamén salientable o establecido na mentada sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Madrid, do 21.10.2010, para un caso similar: “la determinación de la relación de cargos de la Corporación que van a desempeñarse en régimen de dedicación exclusiva y, por tanto, con derecho a retribución, así como las cuantías que correspondan a cada uno de ellos en atención a su grado de responsabilidad, es un acto declarativo de derechos y para dejar sin efecto dicho acto declarativo de derechos no se siguió el procedimiento legalmente previsto.”

Por todo o exposto,

*SOLICITAN A ESTE PLENO que, tendo por presentado este escrito, sexa admitido e, na súa virtude, acorde ter por presentado, en tempo e forma, RECURSO DE REPOSICIÓN contra o antedito acordo plenario do Concello de Brollón polo que se efectuou a revisión salarial do equipo de goberno para o ano 2012, estimándoo e deixándoo sen efecto dende o intre da súa adopción, en data do 28.12.2011.*

Obran no expediente o informe do secretario, xa recollido na acta anterior, e o dos servizos xurídicos da Deputación Provincial de Lugo, do seguinte literal:

*Polo señor Alcalde-presidente do Concello de Pobra de Brollón solicítase a emisión de informe xurídico, en relación ao recurso de reposición, por el mesmo interposto xunto con outro concelleiro do equipo de goberno, contra o acordo plenario de data 28 de decembro de 2011, polo que se acorda reducir as retribucións dos membros da Corporación con dedicación ao cargo, establecida polo acordo plenario do 7 de xullo de 2011, ademais dos antecedentes que logo se refiren, polo señor Alcalde-presidente achégase copia do informe do secretario interventor do Concello, no que se manifesta:*

*“ Á vista do recurso presentado este secretario se afirma e ratifica no seu informe do 28 de decembro de dous mil once.*

*Polo tanto estima que procede a toma en consideración do recurso e a súa estimación, anulando e deixando se efectos, dende o momento da súa adopción, o acordo do pleno en sesión extraordinaria de vinteito de decembro de dous mil once.*

*Non obstante, e para maior seguridade xurídica no acordo a adoptar, recomendámoslle ao Alcalde solicite informe dos servizos xurídicos da Deputación provincial de Lugo”*

*Da documentación achegada polo Concello dedúcense os seguintes antecedentes:*

## ANTECEDENTES

1.- O Pleno do Concello, en sesión do 7 de xullo de 2011, adoptou o seguinte acordo:

“9º.- Asignacións aos grupos políticos e aos membros da Corporación.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

O artigo 75 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local establece que os membros da corporación que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas.

Para a súa determinación compre conxugar diversos factores. Dunha banda as cantidades fixadas ó comezo do anterior mandato e a evolución do I.P.C. nese período. Doutra hai que pensar o tempo de dedicación que precisa o concello para o seu bo funcionamento. Finalmente hai que optar entre unha retribución transparente coa asignación duns salarios reais ou o modelo que viña rexendo ata agora no que unha escasa retribución se compensaba amplamente con dietas percibidas polo simple feito de saír do concello compatibles coa percepción de gastos de desprazamento e comidas que logo se facturaban.

Tendo en conta as anteriores consideracións, propono ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- O Alcalde dedicarase ao concello en xornada completa de sete horas e media sen dedicación.

2.- O alcalde disporá de un total de cinco horas e media diarias de dedicación que poderá distribuír segundo as necesidades do concello entre os membros da corporación que estime convinde.

3.- Se establece para 2011 a retribución por hora diaria do alcalde en 270,00€ mensuais.

4.- Se establece para 2011 a retribución por hora diaria dos concelleiros en 250,00€ mensuais.

5.- Ditas retribucións experimentarán cada día un de xaneiro a variación que experimente o IPC, ou índice co o substitúa, durante o ano anterior.

6.- Os membros da Corporación, agás os que reciben salario, percibirán a cantidade de cincuenta euros (50,00€) por asistencia a reunións dos órganos colexiados. Cando se celebre máis dunha sesión no mesmo día de xeito consecutivo só se percibira indemnización por unha de elas.

7.- Indemnizacións por desprazamentos.

a) Os membros da Corporación que deban desprazarse por mor das súas funcións fora do concello en vehículo propio percibirán unha indemnización por quilómetro na mesma contía que se fixe na lexislación vixente para os funcionarios.

b) Se a viaxe fose tal que a saída e o regreso se realizase na mesma mañá ou na mesma tarde, percibirán a cantidade de dez euros (10,00€) en concepto de dieta.

c) Se por mor da viaxe realizado tivesen que realizar unha ou máis comidas ou durmir fora do concello, a indemnización a percibir será a mesma, e cos mesmos condicionantes que a que lle sexa aplicable ó Secretario do Concello segundo a lexislación vixente.

d) No caso de que como consecuencia da viaxe o membro da corporación debese invitar a xantar a algunha autoridade ou funcionario que visite, se lle aboará o importe íntegro da factura que xustifique que deberá presentar acompañada dunha memoria na que se indique claramente o obxecto da viaxe e se identifiquen os eventuais comensais. Neste caso, non se percibirá a indemnización sinalada na letra c).

8.- Gastos de funcionamento dos grupos municipais.

- a) *Para o seu normal funcionamento, os grupos municipais percibirán mensualmente unha cantidade de cen euros (100,00€) por grupo, e dez euros (10,00€) por cada concelleiro que o integre.*
- b) *A fin de dar cumprimento ó previsto no terceiro paragrafo do artigo 73.3 da Lei 7/1985, se algún concelleiro abandonase o seu grupo político e pasase a ser non adscrito, a súa eventual integración no grupo mixto non suporá o percibo do compoñente relativo ó grupo que se sinala na letra anterior.*

*9.- Os acordos dos puntos de 1 a 4 terán efectos dende o momento da alta na Seguridade Social da persoa que exerza o cargo. Os dos puntos 5 a 7 dende a toma de posesión da nova corporación”.*

*En resumo, o Pleno do Concello, a proposta do Alcalde-presidente, acorda que o cargo de alcalde se desempeñe en réxime de DEDICACIÓN PARCIAL, cunha xornada diaria de sete horas e media e cunha retribución bruta mensual, aplicando o módulo acordado de “ hora diaria de 270 euros mensuais”, de 2015 euros.*

*Igual dedicación parcial para os membros, que estime o señor Alcalde-presidente, co límite de cinco horas e media diarias, liquidadas ao importe mensual de 250 euros, o que dá unha retribución bruta mensual para o total dos concelleiros que se designen pola Alcaldía de 1.375 euros.*

*O custe total mensual das retribucións íntegras acordadas para os membros do goberno municipal quedou fixado polo tanto en 3.400 euros, agás erro de cálculo.*

*Segundo se fai constar por dous Grupos políticos municipais na deliberación, este acordo retributivo supón un aforro, en relación co mandato anterior, de 17.571 euros, aproximadamente un 20 por 100 menos.*

*O acordo adoptouse por maioría de seis votos a favor ( BNG máis PP) fronte a cinco en contra ( Independente máis PSOE), motivando o voto no caos dos Independentes porque consideran que o cargo de Alcalde debe ser desempeñado en réxime de dedicación exclusiva e, no caso do Grupo Socialista, en que a retribución total do equipo de goberno non debería sobrepasar a cantidade mensual de 3.000 euros.*

*2. Polo señor Alcalde-presidente na sesión do 4 de outubro de 2011, solicitouse do pleno a compatibilidade do desempeño do cargo en réxime de dedicación parcial co exercicio da actividade profesional privada de veterinario, mantendo a dedicación horaria diaria acordada.*

*O acordo é adoptado por unanimidade, se vén o Grupo Popular considera que se debería baixar a retribución acordada nun 25 por 100, cuestión coa que manifesta o seu acordo o Grupo Socialista. Polo Grupo Independente sinálase que, se o problema é económico, están dispostos a considerar, tal e como propoñían cando se estableceron as dedicacións, a apoiar unha dedicación exclusiva ao concello e reaxustar o equipo de goberno; finalmente solicita que se celebre unha sesión extraordinaria para tratar o asunto aínda que considera razoable a proposta do PP, é dicir, rebaixar o 25 por 100 a retribución da Alcaldía.*

*3.- O Pleno do Concello en sesión do 28 de decembro de 2011, por maioría, presta aprobación a proposta formulada polos concelleiros D. David López Goyanes, D<sup>a</sup> Adoración Fernández González e D<sup>a</sup> Inés Olmo González; proposta que resulta do seguinte teor:*

*“Despois dos axustes que se están facendo en tódalas administracións nacionais e autonómicas, consideremos que a cantidade establecida para o traballo desempeñado polos outros membros do goberno, concelleiros, é una contía esaxerada debido a que todos teñen as súas profesións e se dedican a elas na actualidade. Ademais cando se aprobou o salario para os concelleiros, na acta correspondente figura que “o alcalde disporá de un total de cinco horas e media diarias de dedicación, que poderá distribuír segundo as necesidades do Concello entre os membros da corporación que estime convinte”; esta xornada de traballo, na actualidade, so se reparte a un membro, o concelleiro D. Manuel González Moreira. Dito compañeiro exerce outras actividades profesionais, e está cobrando deste Concello unha*

*retribución mensual de 1.375 €, cantidade que nos parece totalmente esaxerada, sobre todo para unha persoa que ten outros traballos e outras actividades.*

*Analizada a situación económica formulada no Pleno Ordinario do día 24 de Outubro do ano en curso, onde se pretendía solicitar un crédito ICO para pagar tres facturas pendentes dos meses de Xaneiro e Febreiro. Dúas destas con cantidades insignificantes, xa que non superaban o importe de 1.300 €. Cremos que estamos nunha época de austeridade, onde se pode ver que a situación financeira do Concello é mala, por iso consideramos que se deben tomar medidas urxentes en canto a gastos.*

*Polo exposto, Os Grupos Municipais citados anteriormente, someten á consideración do Pleno esta moción, para que adopte o seguinte acordo:*

❖ *Revisión salarial do equipo de goberno para o ano 2012, na seguinte porcentaxe:*

- *Asignar para o 2012 a retribución por hora diaria do Alcalde en 162 € mensuais. Isto significa unha rebaixa nun 40% a retribución por cada hora de traballo diaria o mes, respecto o ano 2011. En canto as horas de traballo que tiña asignadas, que eran de sete horas e media diarias, entendemos que tamén deberán baixarse xa que agora vai a ter outro traballo e non poderá estar tanto tempo na Alcaldía. Dita xornada cremos que no la debe indicar o Sr. Alcalde, xa que nos non sabemos o tempo que necesita para o seu traballo de veterinario.*
- *Asignar para o ano 2012 a retribución por hora diaria dos concelleiros en 125 € mensuais. Isto significa unha rebaixa nun 50% a retribución por cada hora diaria de traballo o mes, respecto o ano 2011. En canto as horas de traballo que tiña asignadas, que eran de cinco horas e media diarias, entendemos que tamén deberán baixarse; debido a que o Concelleiro que cobra este salario ten outras actividades profesionais, e entendemos que a xornada de cinco horas e media diarias de dedicación o Concello non é compatible cos seus outros traballos, sobre todo cando un destes é a hostalería. Dita xornada cremos que no la debe indicar o Concelleiro D. Manuel González Moreira, xa que nos non sabemos o tempo que necesita para as súas actividades profesionais.*

*Cabe sinalar que as retribucións económicas que se sinalan nesta moción, corresponden as contías brutas mensuais, e que serán asignadas en 14 retribucións anuais.*

*Parécenos de xustiza, adaptar e rebaixar o salario dos nembros de goberno, debido a situación de crise actual, a débeda excesiva que hai neste Concello, e que todos nembros do goberno teñen outros traballos e as súas respectivas profesións”*

*En termos de salario bruto mensual, a rebaixa salarial acordada, 40 por 100 para o cargo de Alcalde-presidente e 50 por 100 para o cargo de concelleiro, supón:*

*Retribución bruta mensual acorda en xullo 2011, para a Alcaldía: 2.025 euros.*

*Ídem por lo acordo de 28-12-2011: 1.215 euros*

*Retribución bruta mensual acorda en xullo 2011, para o cargo de concelleiro: 1.375 euros.*

*Ídem por lo acordo de 28-12-2011: 687,50 euros*

*As asignacións por asistencias e outras indemnización mantéñense nas contías do acordadas no pleno de xullo de 2011.*

*As dedicacións ao cargo mantéñense, aínda que se considera que puideran baixarse. Esta posibilidade motívase, para o cargo de Alcalde en “... que agora vai a ter outro traballo e non poderá estar tanto tempo na Alcaldía...”. Polo que fai referencia a dedicación horaria do concelleiro sinalase: “...En canto as horas de traballo que tiña asignadas, que eran de cinco horas e media diarias, entendemos que tamén deberán baixarse; debido a que o Concelleiro que cobra este salario ten outras actividades profesionais, e entendemos que a xornada de cinco horas e media diarias de dedicación o Concello non é compatible cos seus outros traballos, sobre todo cando un destes é a hostalería...”.*

4.- Polo señor Alcalde-presidente e o concelleiro D. Manuel González Moreira, interponse recurso de reposición fronte ao acordo plenario do 28 de decembro de 2011, por entendela non axustado a dereito.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

##### PRIMEIRO.- SOBRE A LEXITIMACIÓN ACTIVA.

Entendemos que os recorrentes están lexitimados para interpoñer o recurso de reposición contra o acordo plenario do 28 de decembro de 2011, obxecto deste informe, na medida en que votaron en contra do mesmo na sesión en que se adoptou, segundo consta na documentación achegada polo Concello, ao abeiro de canto se dispón polo artigo 63.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; disposición que establece:

##### “Artículo 63

1. Junto a los sujetos legitimados en el régimen general del proceso contencioso-administrativo podrán impugnar los actos y acuerdos de las entidades locales que incurran en infracción del ordenamiento jurídico:

a) La Administración del Estado y la de las Comunidades Autónomas, en los casos y términos previstos en este Capítulo.

b) Los miembros de las corporaciones que hubieran votado en contra de tales actos y acuerdos.

...///...”

##### SEGUNDO.- RÉXIME DO ESTABLECEMENTO DOS ACORDOS SOBRE DEDICACIÓN E RETRIBUCIÓN DOS MEMBROS ELECTOS DAS ENTIDADES LOCAIS.

Ates de entrar na análise das alegacións contidas nos motivos de pedir do recurso reposición, considérase necesario partir dunha aproximación ao réxime xurídico dos acordos plenarios polos que se determinan os cargos electos con dedicación, exclusiva ou parcial, así como as súas retribucións. Réxime que non e outro que o determinado polo artigo 75 da Lei 7/1985 antes referida; polo Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das EELL e pola Carta Europea de Autonomía Local, do 15 de outubro de 1985, ratificada por España mediante Instrumento de adhesión do 20 de xaneiro de 1988 e, xa que logo, incorporada ao noso Dereito interno.

O artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 14/2000, do 29 de decembro, establece:

“1. Os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pagamento das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior.

No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos Orzamentos das Administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

2. Os membros das Corporacións Locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar función de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, en cuxo caso serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as contas empresariais que corresponda salvo o disposto no artigo anterior. Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen no seu caso, nas Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelada esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción de ditas retribucións.

*Os membros das Corporacións Locais que sexan persoal das Administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no art. 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto do presente artigo.*

*3. Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.*

*4. Os membros das Corporacións Locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o pleno corporativo.*

*5. As Corporacións Locais consignarán nos seus Orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias a que se fai referencia nos catro números anteriores, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan, no seu caso. Deberán publicarse integramente no Boletín Oficial da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.*

*...///...*

*A súa vez, o artigo 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 20 de novembro, de aplicación nas Entidades Locais de Galicia, de conformidade con canto se dispón pola Disposición derradeira segunda, parágrafo 3, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece:*

*“1. Os membros das Corporacións Locais terán dereito a percibir con cargo ao orzamento da entidade local, as retribucións e indemnizacións que correspondan, nos termos que se determinan nos parágrafos seguintes.*

*2. De acordo co establecido no art. 75.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, terán dereito a percibir retribucións e a ser dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social os membros das Corporacións Locais que desenvolvan as súas responsabilidades corporativas en réxime de dedicación exclusiva.*

*No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa de calquera outra retribución con cargo aos Orzamentos das Administracións públicas e dos Entes, Organismos e Empresas delas dependentes.*

*3. O recoñecemento da dedicación exclusiva a un membro da Corporación esixirá a dedicación preferente do mesmo ás tarefas propias do seu cargo, sen prexuízo doutras ocupacións marxinais que, en calquera caso, non poderán causar detrimento á súa dedicación á Corporación. No caso de que tales ocupacións sexan remuneradas, requirirase unha declaración formal da compatibilidade por parte do Pleno da entidade local.*

*4. O Pleno corporativo, a proposta do Presidente, determinará, dentro da consignación global contida a tal fin no Orzamento, a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva e, polo tanto, con dereito a retribución, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade.*

*O nomeamento dun membro da Corporación para un destes cargos só suporá a aplicación do réxime de dedicación exclusiva se é aceptado expresamente por aquel, en cuxo caso esta circunstancia será comunicada ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.*

*...///...*

*Da análise das disposicións citadas podemos establecer unha serie de notas sobre o réxime xurídico destes acordos:*

*1.- A competencia para establecer os cargos que deban desempeñarse en réxime de dedicación, exclusiva ou parcial, residénciase no Pleno do Concello.*

*2.- Corresponde igualmente ao Pleno fixar as retribucións a percibir.*

*3.- As retribucións a asignar aos membros da corporación con dedicación deben situarse dentro da contía global consignada a tal efecto no orzamento municipal.*

*4.- Precisamente por iso, e seguindo o mesmo criterio que para o procedemento de aprobación do orzamento anual, o artigo 13.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico antes transcrito, establece que a adopción destes acordos polo Pleno debe ir precedida dunha proposición da Presidencia, a quen se atribúe a competencia da iniciativa destes acordos.*

*5.-Corresponde ao Alcalde-presidente o nomeamento dos membros electos que desempeñen tales cargos.*

*6.- O desempeño do cargo con dedicación exclusiva ou parcial debe ser expresamente aceptado polo nomeado e comunicado ao Pleno.*

*7.- O dereito a retribución derivado da dedicación ao cargo, non constitúe un dereito inherente ao concreto cargo para o que resultou elixido, senón que é un dereito de configuración legal e, polo tanto, a súa percepción ten que acomodarse as normas que o regulan. Así, o dereito ao cargo encádrase no ámbito de aplicación do artigo 23.2 da Constitución e goza da garantía que esta disposición dispensa, expendéndose a mesma ao acceso, a permanencia e ao desempeño das funcións que lle son propias, pero nos termos que establecen as leis – STC 38/1999, do 22 de marzo-*

*8.- As retribucións teñen un carácter persoal, intuitu personae, por iso son dereitos distintos dos que outorga o artigo 27 de ROF aos Grupos Políticos.*

*9.- Se ben estamos diante dun acordo de carácter institucional, por iso os cargos afectados poden participar nel conformando a vontade do órgano colexiado, unha vez aceptado o cargo e a retribución establecida e firme o acto administrativo, entendemos que se está diante dun acto administrativo de contido favorable cuxo réxime de revisión é o común a estes actos, cando menos durante o mandato da Corporación que o adoptou.*

*10.- Finalmente dicir, que estamos diante dun acto administrativo discrecional necesitado de motivación concreta, atendendo unicamente aos criterios de responsabilidade e dedicación, de conformidade con canto se establece polo artigo 75.2 da Lei 7/1985 “...por realizar función de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas... Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelada esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción de ditas retribucións.*

*No mesmo sentido o artigo 13.4 do ROF, establece: “... con dereito a retribución, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade...”*

**TERCEIRO.- EN RELACIÓN A NATUREZA DO ACORDO DO 9 DE XULLO DE 2011 QUE AGORA SE REVISA.**

*Como dicíamos antes, se ben entendemos que estamos diante dun acordo de carácter institucional, unha vez aceptado o cargo e a retribución establecida e firme o acto administrativo, entendemos que se está diante dun acto administrativo de contido favorable cuxo réxime de revisión é o común a estes actos, cando menos durante o mandato da Corporación que adoptou.*

*No presente suposto, efectivamente, o acordo plenario do 7 de xullo de 2011, polo que se estableceron os cargos electos con dedicación e a súas retribucións é un acto definitivo e firme, xa que con-*

tra o mesmo non se interpuxo recurso administrativo nin xurisdiccional por parte dos lexitimados para recorrela, que non eran outros que os señores concelleiros que votaron en contra do mesmo.

Así as cousas, consideramos que para facelo desaparecer da vida xurídica e sendo impracticable a vía da revogación por motivos de oportunidade, xa que non se dan os requisitos do artigo 105 da Lei 30/1992, debería acudir a vía revisora de oficio do artigo 103 da citada Lei.

Así o recoñece a recente sentenza do Tribunal Superior Xustiza de Madrid do 21 de outubro de 2010. núm. 1986/2010. Rjca 2011\49. Motivo quinto. FUNDAMENTO XURÍDICO CUARTO, final e a maior abundamento, xa que esta causa non fora alegada polo recorrente, considerando:

“...Por outra parte y aunque no ha sido expresamente alegado por el recurrente si parece deducirse de su escrito, que la determinación de la relación de cargos de la Corporación que van a desempeñarse en régimen de dedicación exclusiva y, por tanto, con derecho a retribución, así como las cuantías que correspondan a cada uno de ellos en atención a su grado de responsabilidad, es un acto declarativo de derechos y para dejar sin efecto dicho acto declarativo de derechos no se siguió el procedimiento legalmente previsto...”

#### CUARTO.- SOBRE A DESVIACIÓN DE PODER ALEGADA NO RECURSO

A desviación de poder constitúe unha infracción do ordenamento xurídico que se sanciona coa anulación do acto administrativo. É a propia Lei Xurisdiccional a que nos ofrece no artigo 70.2.II unha definición da mesma: “enténdese por desviación de poder o exercicio de potestades administrativas para fins distintos dos fixados polo ordenamento xurídico”

A desviación do poder supón, en definitiva, un exercicio de potestades ou prerrogativas apartándose do fin que o habilita ou xustifica.

O ordenamento xurídico habilita á Administración para actuar atribuíndolle potestades, atribución esta que se realiza sempre en atención ao logro dun determinado fin que explícita o implicitamente debuxa o propio ordenamento. A idea do fin resulta así elemento absolutamente esencial para o exercicio das potestades administrativas, como moi ben se recolle no artigo 53.2 de la Lei 30/1992, de 26 novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Como afirma o Tribunal Supremo (STS 8 de outubro de 2002), a desviación de poder implica unha infracción do ordenamento xurídico que se produce nos actos que, axustados á legalidade extrínseca, están inspirados en consideracións alleas ao interese público. A apreciación deste vicio, como veremos de seguido, require non só a simple confrontación do acto coa regra de dereito aplicable, senón a investigación das intencións suxestivas, neste caso dos concelleiros que votaron a favor do acto obxecto de recurso, intencións suxestivas que deberán ser postas de relevo mediante a indagación dos móbiles psicolóxicos do autor ou autores.

Nada mellor que acudir á doutrina do Tribunal Supremo na que se establecen as características esenciais da desviación de poder. Por todas a Sentenza do 16 marzo 1999. RJ 1999\2901. FUNDAMENTO XURÍDICO SÉTIMO

“Finalmente, invoca la parte recurrente la existencia de desviación de poder.

La desviación de poder, constitucionalmente conectada con las facultades de control de los Tribunales sobre el ejercicio de la potestad reglamentaria y la legalidad de la actuación administrativa, y el sometimiento de ésta a los fines que la justifican (artículo 106.1 de la Constitución) es definida en nuestro ordenamiento jurídico como el ejercicio de potestades administrativas para fines distintos de los fijados por el ordenamiento jurídico y de este concepto legal, la doctrina y la jurisprudencia destacan las siguientes notas características:

a) El ejercicio de potestades administrativas abarca subjetivamente toda la diversidad de órganos de la Administración Pública, en la extensión que a este concepto legal le reconoce la Ley.



b) *La actividad administrativa tanto puede consistir en un hacer activo como en una deliberada pasividad, cuando concurre en el órgano administrativo competente una obligación específica de actuación positiva, de conformidad con la reiterada jurisprudencia de esta Sala contenida, entre otras, en las Sentencias de 5 de octubre de 1983 ( RJ 1983\4829 ) y 3 de febrero de 1984 ( RJ 1984/61 ).*

c) *Aunque el terreno más apropiado para su prolífico desarrollo es el de la llamada actividad discrecional de la Administración, no existe obstáculo que impida, apriorísticamente, su aplicación a la actividad reglada, pues si el vicio de desviación de poder es más difícil aislarlo en el uso de las potestades o facultades regladas, no lo es menos que nada se opone a la eventual coexistencia genérica en los elementos reglados del acto producido, precisamente para encubrir una desviación del fin público específico asignado por la norma, como reconoce la Sentencia de 8 de noviembre de 1978 ( RJ 1978\3491 ).*

d) *La desviación de poder puede concurrir con otros vicios de nulidad del acto, pues si la doctrina jurisprudencial ha tendido a adoptar la posición que sostiene que las infracciones legales tienen un trato preferente y deben resolverse en primer término para restablecer por el cauce del recurso jurisdiccional el derecho vulnerado, lo cierto es que la existencia de otras infracciones en el acto administrativo no excluye y antes bien posibilita y es medio para lograrla, la desviación de poder, de conformidad con las Sentencias de 30 de noviembre de 1981 ( RJ 1981\4611 ) y 10 de noviembre de 1983 ( RJ 1983\5396 ).*

e) *En cuanto a la prueba de los hechos en la desviación de poder, siendo genéricamente grave la dificultad de una prueba directa, resulta viable acudir a las presunciones que exigen unos datos completamente acreditados al amparo del artículo 1249 del Código Civil, con un enlace preciso y directo, según las reglas del criterio humano y a tenor del artículo 1253 del Código Civil se derive en la persecución de un fin distinto del previsto en la norma la existencia de tal desviación, como reconoce entre otras la Sentencia de 10 de octubre de 1987 ( RJ 1987\8334 ).*

f) *La prueba de los hechos corresponde a quien ejercita la pretensión y el artículo 1214 del Código Civil puede alterarse según los casos, aplicando el criterio de la finalidad, en virtud del principio de buena fe en su vertiente procesal y hay datos de hecho fáciles de probar para una de las partes que sin embargo pueden resultar de difícil acreditamiento para otra.*

g) *Finalmente, la necesaria constatación de que en la génesis del acto administrativo se ha detectado la concurrencia de una causa ilícita, reflejada en la disfunción manifiesta entre el fin objetivo que emana de su naturaleza y de su integración en el ordenamiento jurídico y el fin subjetivo instrumental propuesto por el órgano decisorio, se erigen como elementos determinantes que vienen declarando reiteradas Sentencias de esta Sala (entre otras las de 6 de marzo de 1992 [ RJ 1992\1759 ], 25 de febrero de 1993 [ RJ 1993\1191 ], 2 de abril y 27 de abril de 1993 [ RJ 1993\2755 y RJ 1993\2866 ]) que insisten en que el vicio de desviación de poder, consagrado a nivel constitucional en el artículo 106.1, precisa para poder ser apreciado que quien lo invoque alegue los supuestos de hecho en que se funde, los pruebe cumplidamente, no se funde en meras opiniones subjetivas ni suspicacias interpretativas, ni tampoco se base en una oculta intención que lo determine”.*

*Chegados a este punto, entendemos que a apreciación ou non da existencia de desviación de poder esixe proba suficiente dos feitos base e dos feitos consecuencia, e o enlace preciso entre os mesmos, cuestión esta que neste momento do procedemento non queda suficientemente acreditado, cando menos de forma directa. A respecto, na deliberación do acordo obxecto do recurso de reposición, o señor Alcalde-presidente afirma que se está a “plantear unha moción de censura encuberta”, pero nin da proposta nin nas intervencións dos Grupos Políticos asinantes da mesma no debate, se infire de maneira totalmente concluinte, ao entender de quen informa, a desviación de poder alegada, de aí que consideremos que a cuestión fondo debe centrarse nos posibles vicios de ilegalidade do acordo adoptado, por razóns de fondo ou por razóns de procedemento.*

**QUINTO.- EN RELACIÓN A POSIBLE VULNERACIÓN DE DEREITOS FUNDAMENTAIS, CONCRETAMENTE DO DEREITO Á IGUALDADE**

*Afirmamos anteriormente, que o dereito a retribución derivado da dedicación ao cargo, non constitúe un dereito inherente ao concreto cargo para o que resultou elixido, senón que é un dereito de*

*configuración legal e polo tanto a súa percepción ten que acomodarse as normas que o regulan. Así, o dereito ao cargo encádrase no ámbito de aplicación do artigo 23.2 da Constitución e goza da garantía que esta disposición dispensa, estendéndose a mesma ao acceso, a permanencia e ao desempeño das funcións que lle son propias, pero nos termos que establecen as leis – STC 38/1999, do 22 de marzo-*

*Para apreciar que existe vulneración dos dereitos fundamentais dos representantes públicos contidos no artigo 23.2 da Constitución, é necesario que se producira unha restrición ilexítima dos dereitos que lles recoñecen as leis ordinarias, ao ser dereitos de configuración legal. Non entanto, tampouco calquera acto que infrinxa o estatuto do Alcalde ou Concelleiro lesiona o dereito fundamental, pois a estes efectos só posúen relevancia constitucional os dereitos ou facultades atribuídos ao representante que pertencen ao núcleo da súa función representativa, sendo vulnerado o artigo 23.2 da Constitución se os propios órganos do Concello impiden ou coartan ilexítimamente a súa práctica ou adoptan decisións xuridicamente reprobables que contrarian a natureza da representación ou a igualdade dos representantes, como se afirma no FX segundo da STC antes referenciada, xunto con moitas outras: STC107/2001, de 23 de abril, FX 3; 203/2001, de 15 de outubro, FX 2.*

*A contía das retribucións previstas para un Alcalde ou un concelleiro cae, en consecuencia, fóra do ámbito do dereito consagrado no artigo 23.2 da Constitución e, xa que logo, non se aprecia a vulneración alegada.*

**SEXTO.- EN RELACIÓN A FALTA DE MOTIVACIÓN E CONSEGUINTE ARBITRARIIDADE DO ACORDO.**

*Alégase no recurso de reposición que o acordo adoptado incorre en arbitrariedade, xa que "... non se cingue a criterios obxectivos e racionais que xustifiquen as concretas porcentaxes de redución... e que tampouco e fundamentación xurídica suficiente o feito de que os recorrentes realicen actividades profesionais/comerciais privadas, posto que o propio pleno recoñeceu a súa compatibilidade...".*

*Como sabemos arbitrario é o contrario de razoable; arbitraria é toda decisión non xustificada, ou a decisión carente de razóns que a lexitimen. A arbitrariedade prohibida polo artigo 9.3 da Constitución, no ámbito dos actos administrativos discrecionais, como é o acto obxecto do recurso, lígase a falta de motivación do mesmos.*

*Para analizar a existencia de motivación ou a falta da mesma, debemos ceñirnos as razóns alegadas na proposta que serviu de base ao acordo adoptado. A proposta aprobada non motiva a rebaixa na consideración de que a dedicación aos cargos debe e pode ser menor sen afectar a funcionamento dos servizos municipais, senón "...na situación de crise actual, na débeda excesiva que hai no concello e en que todos os membros do goberno teñen outros traballos e as súas respectivas profesións"; se ben tamén se fan consideracións a respecto da intensidade da dedicación: "En canto as horas de traballo que tiña asignadas, que eran de sete horas e media diarias, entendemos que tamén deberán baixarse xa que agora vai a ter outro traballo e non poderá estar tanto tempo na Alcaldía. Dita xornada cremos que no la debe indicar o Sr. Alcalde, xa que nos non sabemos o tempo que necesita para o seu traballo de veterinario.*

*...///...*

*En canto as horas de traballo que tiña asignadas, que eran de cinco horas e media diarias, entendemos que tamén deberán baixarse; debido a que o Concelleiro que cobra este salario ten outras actividades profesionais, e entendemos que a xornada de cinco horas e media diarias de dedicación o Concello non é compatible cos seus outros traballos, sobre todo cando un destes é a hostalería. Dita xornada cremos que no la debe indicar o Concelleiro D. Manuel González Moreira, xa que nos non sabemos o tempo que necesita para as súas actividades profesionais...."*

*Hai que dicir, que a dedicación parcial ao cargo de Alcalde ou Concelleiros, presupón outra dedicación profesional, ben no ámbito privado, ben no ámbito público, así o recoñece e ampara o artigo 75. 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, consecuentemente o feito de exercer profesións ou actividades privadas en ningún caso é óbice obstativo para a situación de dedica-*

*ción parcial ao cargo de alcalde ou concelleiro, sempre e cando os horarios da actividade privada non interfiran coa dedicación acordada polo Pleno ao cargo de que se trate. A prohibición destas actividades circunscríbese as situacións de dedicación exclusiva, criterio que ademais debe ser de interpretación estrita, atendido o seu carácter limitativo.*

*A modificación desta disposición no ano 2000- Lei 14/2000- tivo precisamente como finalidade permitir aos empregados públicos, traballadores e profesionais acceder a cargos políticos nas EELL que se desempeñan con dedicación parcial.*

*Se por un lado, os motivos alegados non constitúen precisamente un paradigma de motivación dos actos administrativos; por outro, tampouco supoñen a falta total e absoluta da mesma, nin que os motivos alegados non teñan que ver cos criterios ou estándares legais aplicables ao caso, que como víamos antes non son outros que os criterios de responsabilidade do cargo e a necesaria dedicación ao mesmo.*

#### *SÉTIMO.- EN RELACIÓN AO PROCEDIMENTO DE ADOPCIÓN DO ACORDO.*

*Alégase polos recorrentes a vulneración de canto se establece polo artigo 13.4 do ROF, así como que non se seguiu o procedemento revisor previsto polo artigo 103 da Lei 30/1992, con cita da STS de Madrid de 21 de outubro de 2010, de forma que o acordo do pleno sería nulo de pleno dereito, de conformidade con canto se establece polo artigo 62 da tantas veces invocada Lei 30/1992.*

*En relación a esta derradeira alegación dos recorrentes xa tomamos posición no fundamento xurídico terceiro deste informe, no que tratamos da natureza do acto administrativo do 9 de xullo 2011, ao dito alí remitímonos en evitación de innecesarias reiteracións.*

*Sobre o procedemento para adopción destes acordos, nada mellor que acudir ás sentenzas recaídas sobre o mesmo ou análogo suposto de feito. Sentenzas, por certo recentes e de dous Tribunais Superiores de Xustiza distintos.*

*STSJ CANARIAS de Las Palmas de Gran Canaria, Sala do Contencioso- administrativo, S 1/2010, do 8 xaneiro 2010*

#### *“FUNDAMENTOS DE DERECHO*

*TERCERO. El primer acuerdo impugnado es el que aprueba la propuesta siguiente, literalmente copiada: "Que a partir del acuerdo plenario correspondiente se mantenga el actual grupo de gobierno con la Sra. Alcaldesa y tres Concejales más liberados, y que el Grupo de gobierno decida de acuerdo a su mejor criterio cuales deban ser los tres concejales liberados, quedando cuatro concejales del grupo del grupo de gobierno sin liberación, percibiendo los mismos emolumentos que los concejales que se encuentran en la oposición, dando cuenta de su decisión al Pleno en la próxima sesión de este órgano".*

*Alega la recurrente que la determinación del número de concejales que desempeñarán sus funciones en régimen de dedicación exclusiva o parcial es competencia del Presidente de la Corporación según resulta del artículo 75.5 in fine de la LBRL, y que el acuerdo infringe el artículo 13.4 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales (ROF) en cuanto exige la propuesta del Presidente para que el Pleno apruebe la relación de cargos que podrán desempeñarse en régimen de dedicación exclusiva. El apelado defiende, por el contrario, que la limitación del número de concejales liberados no infringe los mencionados preceptos "sin perjuicio de que sea la Alcaldía la que fije, dentro de ese número, qué concretos concejales desempeñarán sus funciones en tal o cual condición".*

*La Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local (LBRL) establece en su artículo 75.5 que "las Corporaciones locales consignarán en sus presupuestos las retribuciones, indemnizaciones y asistencias a que se hace referencia en los cuatro números anteriores, dentro de los límites que con carácter general se establezcan, en su caso. Deberán publicarse íntegramente en el "Boletín Oficial" de la Provincia y fijarse en el tablón de anuncios de la Corporación los acuerdos plenarios referentes a retribuciones de los cargos con dedicación exclusiva y parcial y régimen de dedicación de*

estos últimos, indemnizaciones y asistencias, así como los acuerdos del Presidente de la Corporación determinando los miembros de la misma que realizarán sus funciones en régimen de dedicación exclusiva o parcial."

Por su parte, el Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, señala en el artículo 13.4 que "el Pleno corporativo, a propuesta del Presidente, determinará, dentro de la consignación global contenida a tal fin en el Presupuesto, la relación de cargos de la Corporación que podrán desempeñarse en régimen de dedicación exclusiva y, por tanto, con derecho a retribución, así como las cuantías que correspondan a cada uno de ellos en atención a su grado de responsabilidad. El nombramiento de un miembro de la Corporación para uno de estos cargos sólo supondrá la aplicación del régimen de dedicación exclusiva si es aceptado expresamente por aquél, en cuyo caso esta circunstancia será comunicada al Pleno de la siguiente sesión ordinaria."

De los preceptos citados (a los que habría que añadir el punto 2 primer párrafo in fine del artículo 75 LBRL cuando dice que "en los acuerdos plenarios de determinación de los cargos que lleven aparejada esta dedicación parcial y de las retribuciones de los mismos...") se desprende que corresponde al Pleno, a propuesta del Presidente, aprobar "la relación de los cargos" que llevan aparejada dedicación exclusiva -lo cual está íntimamente vinculado con la aprobación del presupuesto cuya iniciativa corresponde también al Presidente-, y al Presidente "la determinación de los miembros" -en concreto- que realicen estas funciones. La necesidad de una iniciativa del Presidente no puede ser más lógica por cuanto la dedicación exclusiva o parcial de los miembros de la corporación depende esencialmente de las delegaciones efectuadas por el Presidente que es quien ha de conocer las necesidades de dedicación de las diversas concejalías. Naturalmente, la aprobación o no de la propuesta que efectúe el Alcalde corresponde al Pleno por la evidente conexión de esta materia con la aprobación del presupuesto. En esta materia el Pleno puede acordar la aprobación, enmienda o devolución del presupuesto corporativo, lo que no puede ser aprobar un presupuesto sin iniciativa del Alcalde.

El Pleno tiene competencia para limitar el número de cargos liberados. Lo que aquí se ha infringido no es una norma de competencia sino de procedimiento, en cuanto es preceptiva iniciativa de la Alcaldía para adoptar este acuerdo, según se ha dicho.

Procede anular este acuerdo."

S T S X de Madrid do 21 de outubro de 2010. núm. 1986/2010. RJCA 2011\49

#### ANTECEDENTE DE FEITO. PRIMEIRO

"A través del presente recurso contencioso administrativo se impugna el Acuerdo del Pleno del Ayuntamiento de Manzanares el Real de fecha 31 de enero de 2.003, por el que se acordaba: a) Modificar y por tanto dejar sin efecto el acuerdo adoptado por el Pleno de la Corporación en Sesión Extraordinaria celebrada el día 12 de abril de 2.002, relativo a la aprobación de la relación de cargos de la Corporación con dedicación retribuida, quedando establecida de la siguiente manera: Dedicación única: Alcalde Presidente: Régimen de dedicación exclusiva. Retribución 8.414,16 euros b) Fijar para todos los Concejales, exceptuando el Alcalde-Presidente, por tener fijada dedicación exclusiva, una indemnización por asistencia a órgano colegiado de la siguiente forma: Asistencia efectiva a las sesiones del Pleno de la Corporación 100 euros sesión..."

#### FUNDAMENTO DE DEREITO. CUARTO

"En segundo lugar debemos analizar si el Acuerdo del Pleno infringía el artículo 13 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales.

Dicho artículo preceptúa: "1. Los miembros de las Corporaciones Locales tendrán derecho a percibir, con cargo al Presupuesto de la Entidad local, las retribuciones e indemnizaciones que correspondan, en los términos que se determinan en los párrafos siguientes. 2. De acuerdo con lo establecido en el artículo 75.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, tendrán derecho a percibir retribuciones y a ser da-

*Polo tanto, non habendo motivos, entendemos nos, obxectivos, a única, o único que si nos podemos entender, é se trata de provocar un desgaste político e entorpecer a labor política e de xestión que se está a facer este grupo de goberno.*

*Como consecuencia de todo iso, pedimos un informe á secretaría, o secretario ratifícase no seu informe e ínstame a que lle solicite á Deputación, aos servizos xurídicos da Deputación outro informe... da Deputación que xa vostedes... e no cal ese informe estima, ou di que procedería a estimación deste... deste recurso.*

*Eu creo que, a opinión, con todo o respecto á opinión dos grupos da oposición, non vexo que veña avalada por ningún informe, nin sequera por ningún estudo máis que a súa respectable opinión, e entón o que estimo é que reconsideren a súa posición e estimen o recurso.*

+ Intervén o portavoz independente.

*Evidentemente, formulado así, dende ese punto de vista, parece ser que todas estas enumeración de feitos, parece ser que o que leva case, o que leva case á conclusión de que, digamos, este é a un acto caprichoso dos grupos da oposición de rebaixarlle o soldo aos grupos de goberno, e non é así. É dicir, realmente chegou un momento, en canto entendíamos nos que, non paro de dicir nos, entendemos porque foi maioritariamente votado polos tres grupos da oposición, entendíamos que... digamos, a situación económica, basicamente, é dicir, que era un pouquiño a situación que marcaba este cariz, era que nos defendía rebaixar o soldo. Entendíamos que, realmente, se unha persoa solicita pois ter un traballo fora, a, digamos, o propio concello polos seus habitantes, digamos que ten, evidentemente o traballo neste concello en canto a ingresos vaíse a ver moi minguado tanto a nivel da Xunta e a nivel do Estado, a e nivel das propias licenzas municipais, das taxas e todo isto, pois vaíse a ver.*

*Con respecto ao tema xurídico que di que a Deputación que é este recurso é estimable? Mire. A min a Deputación paréceme que non ten pito que tocar, falando coloquialmente, en este tema. Entendendo que a Deputación, que eu saiba, xudicialmente non entra en este tema. É dicir, lle parece á Deputación este tema. [o alcalde lle aclara que non é informe da Deputación senón dos seus servizos xurídicos] Eh? Non, non. Pero é igual. É dicir. Os servizos xurídicos dan a súa opinión xurídica, pero eu que saiba, este tema, se vostedes se senten que é violado ou violentado nos seus dereitos, tanto vostede como o concelleiro, que deben acudir ás vías legais que son os únicos que en este país, e maioritariamente en todos os países democráticos, teñen o dereito a dicir se se estima ou non un recurso. Unha cousa é que se estime, non quere dicir que despois se falla a favor ou en contra.*

*Mire, Se fallan a favor de vostede? Pois recoñeceremos que nos desde a nosa atribución das competencias que nos da, e que nos marca todas as leis que regulan ao pleno, pois atenderemos, e como non pode ser doutra forma, pois aceptaremos ese [inaudible] e repoñerémolle esa contía, e vostede tería dereito á reposición dos seus emolumentos cos intereses devengados e con todo o que vostede alegue.*

*Pero o que si marca a lei de todas formas, é unha cousa, é dicir, e o mesmo podíamos falar do informe do señor secretario, é dicir, a min o señor secretario naquel informe díxolle que se o pleno, que é a cuestión, e dicir, se o pleno é competente ou non para establecer as contías.*

*Eu creo que o pleno é perfectamente competente para establecer as contías, porque esas contías tamén veñen lexisladas polo presuposto municipal, cousa que este ano tampouco se presentou, desgraciadamente, con data un de xaneiro. Ao mellor, se resulta que aquí se presenta o presuposto [inaudible] e nos, como grupos da oposición, non o aprobamos ese presuposto municipal, pois resulta que tampouco se pode acoller vostede a ningún tipo de contías de soldo.*

*E despois hai formas de actuar. Pois mire. Recentemente na prensa, porque postos a dicir, para min ten tanto valor, ou quizás máis, o que leo na prensa como o que me poda dicir os servizos xurídicos da Deputación. E nunha das noticias leo que un señor alcalde dunha vila, me parece que era de Murcia, non está... o de Murcia... non iso..., que resulta que como este señor, a oposición lle rebaixou o soldo a 1.200€, é dicir, que se move vostede nesas contías aproximadamente, pois o que fixo foi, en lugar de facer un recurso de reposición, púxose a buscar un traballo e encontrou un traballo de albanel, entón*

*púxose a traballar de albanel e ao mesmo tempo sigue sendo alcalde dese concello. Entón, hai formas de entender a política, non?*

*Nos a política entendemos, neste momento, pois bo, pois mire vostede, 1.057€ pois entendemos que está un pouco acorde, non para unha dedicación plena, é dicir que hai que diferenciar o que é unha dedicación plena a un concello nun posto de traballo onde un ten ao mellor unha dedicación exclusiva, unha serie de, é dicir, como funcionario ten unha serie de obrigas, e outra cousa é un traballo onde, primeiro sabe vostede a ninguén, a ningún de nos, nos obrigan a presentarnos a unhas eleccións e concorrer a unhas eleccións e saír elixidos, non?*

*Evidentemente que si está claro de que unha vez que somos elixidos e vamos a desempeñar un traballo para os cidadáns, neste caso concreto para os cidadáns da Pobra, pois temos dereito a unha remuneración. O que si está claro de que ningún concello en ningún sitio se establece esa remuneración. É máis, agora a FEGAMP e os [inaudible] tal, están establecendo que iso se estableza por lei. Pero mentres no se estableza por lei, a lei o que di, é: é o pleno soberano para establecer a contía que debe percibir o alcalde ou aquelas persoas que vaian percibir salarios dos órganos de goberno". Moitas grazas.*

+ Intervén o portavoz popular.

*Bo, nos, con respecto a este punto, pois nos reafirmamos na primeira votación no pleno extraordinario, e entendemos que non foi un capricho daquela nin unha votación subxectiva, senón obxectiva completamente. E con respecto aos gobernos anteriores que cobraban máis, non sabemos a cal se refire, eu supoño que ao anterior que tivemos nos, non creo, porque está demostrado, trouxen daquelas as nóminas e pódese demostrar claramente.*

*Por outra parte, polo desgaste político tampouco é, porque no pleno de constitución se aprobaron 3.400€ para o grupo de goberno, e os grupos da oposición, a outra oposición, pois aprobaba 3.000€, ou sexa que estaba claro que non había ningún desgaste político, senón xa se tomarían as medidas daquela.*

*E con respecto aos concellos limítrofes, pois hai algún concello limítrofe como Quiroga, que ten 12.000€ para o equipo de goberno, de paga, non?, para todos. E tampouco é un capricho, que se é un capricho, pois pode ser no concello de San Andrés do Rabanedo que por un concelleiro que se foi lle baixaron o soldo a un alcalde de 33.000 habitantes a 1.200€. Iso si é un capricho. O de aquí non, porque as circunstancias cambiaron, como xa se falou no pleno extraordinario para rebaixar os soldos. Entón nos reafirmamos naquela votación e non imos a aceptar o recurso de reposición.*

+ Intervén a portavoz socialista.

*Bo. Nos ímonos reafirmar tamén, por suposto, na votación do pleno anterior, e temos que dicir que discrepamos totalmente con carácter subxectivos ou motivos subxectivos para tomar esa decisión, eu creo que na moción non se reflectía absolutamente ningún criterio subxectivo, eran todos obxectivos, e despois, pois vou un pouco facer, ou tratar de contestarlle porque si se refire vostede a que se cobraba máis en outras lexislaturas, e esa lexislatura é anterior, pois debo recordarlle que efectivamente a cantidade total que por suposto era maior, porque hai máis concelleiros que percibían unha retribución económica. Pero mire, o grupo socialista, os tres concelleiros do grupo socialista percibían 1.500€ brutos, para os tres, e vostedes recibían 3.000€ para os tres, para os dous mensuais, e desta percepción económica dos 1.500€, cando se produciu o desconto do 5%, vólvolle a recordar, que só o grupo socialista se acolleu e se solidarizou co resto dos traballadores do concello para facer esa rebaixa do 5%. A percepción do B.N.G. seguiu intacta nos 3.000€.*

*Bo. Por outro lado, entorpecer a labor política? Para nada. Eu creo que neste pleno, e en anteriores, a maioría dos puntos que se refiren a unha xestión, e a unha xestión positiva e construtiva para este concello, vense vendo que son aprobados por unanimidade.*

*En canto ao informe da Deputación... Bo, pois, eu entendo que ese informe, polo que percibe aquí, non é vinculante. Por un lado. E por outro, alude, podería ser estimable, a dous casos que foron recoñecidos, un en Madrid, e outro é en Canarias. Eu creo que nos, tamén temos unha autonomía, a*

dos de alta en el Régimen General de la Seguridad Social los miembros de las Corporaciones Locales que desarrollen sus responsabilidades corporativas en régimen de dedicación exclusiva. En el supuesto de tales retribuciones, su percepción será incompatible con la de cualquier otra retribución con cargo a los Presupuestos de las Administraciones Públicas y de los Entes, Organismos y Empresas de ellas dependientes. 3. El reconocimiento de la dedicación exclusiva a un miembro de la Corporación exigirá la dedicación preferente del mismo a las tareas propias de su cargo, sin perjuicio de otras ocupaciones marginales que, en cualquier caso, no podrán causar detrimento a su dedicación a la Corporación. En el caso de que tales ocupaciones sean remuneradas, se requerirá una declaración formal de compatibilidad por parte del Pleno de la Entidad local. 4. El Pleno corporativo, a propuesta del Presidente, determinará, dentro de la consignación global contenida a tal fin en el Presupuesto, la relación de cargos de la Corporación que podrán desempeñarse en régimen de dedicación exclusiva y, por tanto, con derecho a retribución, así como las cuantías que correspondan a cada uno de ellos en atención a su grado de responsabilidad. El nombramiento de un miembro de la Corporación para uno de estos cargos sólo supondrá la aplicación del régimen de dedicación exclusiva si es aceptado expresamente por aquél, en cuyo caso esta circunstancia será comunicada al Pleno en la siguiente sesión ordinaria. 5. Todos los miembros de la Corporación, incluidos los que desempeñen cargos en régimen de dedicación exclusiva, tendrán derecho a recibir indemnizaciones por los gastos ocasionados por el ejercicio del cargo, cuando sean efectivos, y previa justificación documental, según las normas de aplicación general en las Administraciones Públicas y las que en este sentido aprueba el Pleno corporativo. 6. Sólo los miembros de la Corporación que no tengan dedicación exclusiva percibirán asistencias por la concurrencia efectiva a las sesiones de los órganos colegiados de que formen parte, en la cuantía que señale el Pleno de la misma. No obstante, todos podrán percibir esta clase de indemnizaciones cuando se trate de órganos rectores de Organismos dependientes de la Corporación Local que tengan personalidad jurídica independiente, de Consejos de Administración de Empresas con capital o control municipal o de Tribunales de pruebas para selección de personal”.

*El Acuerdo del Pleno efectivamente vulnera dicho artículo y ello porque no se adoptó a propuesta del Presidente, que es el único legitimado para elevar dicha propuesta al Pleno.*

*Por otra parte y aunque no ha sido expresamente alegado por el recurrente si parece deducirse de su escrito, que la determinación de la relación de cargos de la Corporación que van a desempeñarse en régimen de dedicación exclusiva y, por tanto, con derecho a retribución, así como las cuantías que correspondan a cada uno de ellos en atención a su grado de responsabilidad, es un acto declarativo de derechos y para dejar sin efecto dicho acto declarativo de derechos no se siguió el procedimiento legalmente previsto”*

*O Pleno ten como sabemos competencia para determinar os cargos que deban desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, así como para determinar as retribucións dos mesmos, dentro da consignación global a tal efecto establecida no orzamento, atendendo ao seu grao de responsabilidade e dedicación.*

*O exercicio desta competencia plenaria debe de adecuarse ao concreto procedemento previsto no artigo 13.4 do ROF, agás nos supostos en que o respectivo Regulamento Orgánico estableza outro.*

*O procedemento establecido no citado artigo, é o mesmo, tanto cando se trata de acordar os cargos electos que se desempeñarán con dedicación exclusiva ou parcial, como cando se determinen as respectivas retribucións.*

*A sentenzas recensionadas resolven a anulación do acordos plenarios polos que se modifican os cargos con dedicación nos respectivos concellos, apreciando a existencia dun vicio de anulabilidade pola falta de inicitiva do Alcalde-presidente.*

*Dada a identidade de procedementos, entendemos que o vicio de anulabilidade declarado polas citadas sentenzas pode ser atribuído ao acordo polo que se modifican as retribucións dos cargos electos desempeñados en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, e coas mesmas consecuencias anulatorias.*

## CONCLUSIÓN

*Entendemos que a doutrina sentada nas sentenzas do Tribunal de Xustiza de MADRID do 21 de outubro de 2010. núm. 1986/2010. RJCA 2011/49 e do Tribunal de Xustiza de CANARIAS de Las Palmas de Gran Canaria, Sala do Contencioso- administrativo, 1/2010, do 8 xaneiro 2010, pode ser acollida e resultar de aplicación á resolución do recurso de reposición obxecto deste informe e, na súa consideración, procedería xa que logo a estimación do mesmo.*

*E canto debo de informar ao señor Alcalde-presidente e a Corporación de Pobra de Brollón, quen cos demais informes que considere oportuno solicitar e o seu superior criterio decidirá.*

+ Intervén o alcalde.

*O recurso de reposición por parte deste alcalde e do tenente de alcalde non se presenta dun xeito caprichoso, senón co aval de informes legais, e entendemos, e presentamos este recurso porque para nos non quedou claro no último pleno que esa redución do 40 e o 50% respectivamente dos salarios neste caso do alcalde e o tenente de alcalde se debera a unha motivación obxectiva e nin sequera consideramos que está ben motivado.*

*Naquel momento falouse de que podía influír a nosa actividade privada no desenvolvemento das nosas responsabilidades como membros deste goberno local, e nos entendemos, e isto o explico dun xeito que o podamos entender, porque o recurso xa o tedes vos, entendemos que esa si que era unha opinión subxectiva porque nos desenvolvemos a nosa actividade fora das horas de traballo no ámbito municipal e por outra banda este pleno avalou a nosa compatibilidade coa actividade privada.*

*Tamén naquel momento se falaba da situación económica que estaba a padecer este concello, evidentemente non era unha situación económica boiante pero nos dicíamos naquel momento que en todo caso era unha situación económica parecida a que había seis meses antes, incluso á que había 4 anos antes, e mesmo, todos coñecemos na historia deste concello que houbo épocas de dificultade económica e en ningún momento se formulou unha rebaixa salarial.*

*Hai que dicir tamén que este grupo de goberno cando chegou asumiu unha rebaixa salarial de 17.000€ respecto ao que se cobraba no goberno anterior, e entendemos tamén que, se esta era unha situación de tipo económico, tamén se podería haber formulado unha redución salarial tanto na asignación aos grupos políticos como tamén na asistencia aos plenos, e iso en ningún momento se puxo sobre a mesa.*

*Entendemos tamén que é unha opinión un tanto subxectiva o que se dixera que podía ser, como así foi, un 40% ou 50% e entendemos que puido haber sido iso como tamén puido haber sido un 30, un 5, un 15, un 70, e en ningún momento se nos dixo porque era esa contía e non outra.*

*Seguímos entendendo tamén que iso non responde a causas obxectivas no momento que se produce unha discriminación en canto a que outros gobernos anteriores por desenvolver os mesmos traballos cobraban unhas contías de 17.000€ máis. Tamén se falaba no pleno anterior, en canto ao reparto de retribucións entre o tenente de alcalde e o alcalde e eu creo, entendemos, e parece que así o expomos no noso recurso de reposición, que isto é una asignación global para o funcionamento do grupo de goberno, e que as retribucións se reparten en función das responsabilidades políticas ou de xestión que teña cada un dos concelleiros.*

*Entendemos tamén, e así o entendíamos no pleno anterior, de que creemos que a situación económica que se está a producir neste concello non é a responsabilidade única as remuneracións dos grupos de goberno, entendendo tamén, que a remuneración que se aprobou no pleno de organización, pois era unha remuneración que estaba en consonancia con calquera outro concello, en consonancia, incluso por debaixo de calquera outro concello dos límites.*

*E xa, un pouco para rematar, dicir, que o procedemento, unha vez que se aproba no pleno de organización, tamén entendemos que é un acto declarativo de dereitos e polo tanto non se abordou a acción legal para botalo abaixo, eu creo que é, segundo os asesores, isto tiña que haberse declarado con un procedemento de lesividade para os intereses do concello.*



*galega, e creo que hai moitos concellos que son exemplos de modificacións de retribucións económicas dos órganos de goberno porque as modifica o pleno, porque ten competencias para elo.*

*En relación ao recurso, pois, que ven a reflectir un pouco o mesmo, diríalle o mesmo. Eu non vexo en absoluto, por exemplo, anotei por aquí, que falaba de que, digamos, que un ingreso debería estar en relación co traballo. Nos consideramos que perfectamente en relación co traballo e cun horario compaxinable ou con outras actividades compaxinables. Que quede claro que non, en ningún momento nos referimos ás percepcións económicas das outras actividades profesionais, senón que eu creo que o día ten 12 horas [sic] para todo o mundo, e que ten as horas regulamentarias de traballo. Entón nos referímonos ao tempo de dedicación, non ao que pode percibir outra persoa pola súa retribución, polo seu... pola actividade particular ou polo seu traballo.*

*E para nada, para nada, porque entendemos dos outros gastos dos que falan aquí derivados do exercicio do mandato, por suposto, do seu traballo como responsables deste concello, entendemos que se ve modificado posto que eses gastos van aparte, como é xusto que vaian aparte, é dicir, nos falamos do salario polo seu traballo, non polos outros gastos.*

*En relación á situación de minoría? Pois tampouco. Porque estas cantidades que nos consideramos neste momento, que por iso as propuxemos e por iso as votamos fariámolas en calquera outra situación.*

*E tampouco considero que haxa ningún tipo de desviación de poder como se reflicte aquí, e creo que ata o informe da Deputación tamén ven a dicir que é un pouco falar sen probas. Polo tanto ímonos a manter na posición que mantivemos no pleno anterior.*

+ Intervén alcalde.

*Bo. Xa nesta quenda que me toca vou a ser breve. Aquí hai unha diferenza, e llo digo ao portavoz do grupo independente, dígolle ao portavoz do grupo independente por alusións nesta intervención xa máis breve, que hai que diferenciar que aquí as remuneracións do grupo de goberno se aprobaron no pleno de organización e isto foi cambiado tres ou catro meses despois, non recordo agora, sen, entendemos nos, sen criterios suficientemente obxectivos e ben motivados.*

*En todo caso, nos entendemos que este é un acto declarativo de dereitos e que non é a vía legalmente establecida para mudar esta situación. Xa lles indico que imos a recorrela ao contencioso administrativo. Eu creo que evidentemente os informes non son vinculantes, pero si que interpretan a lei. Cando hai informes encima da mesa, que en todo caso serven para tomar unha decisión, eu polo menos acostumo a facerlles caso aos informes, e polo menos adoitamos a traballar todos os días con informes, as veces equivocados, pero bo. Iso, polo que vexo vano decidir en todo caso, vano decidir os tribunais.*

*Tamén quería dicir que si que me parece que é unha opinión moi subxectiva o que se teña que valorar que se o outro ten unha actividade privada, se esa actividade privada lle pode condicionar á hora de exercer outra actividade. A hora ten doce días [sic] e hai xente que traballa catorce horas, e outra xente que traballa cinco e outros que traballan o que traballen. Non creo que iso vaia a interferir na, nin interfere na labor de goberno porque, en todo caso, o facemos fora das nosas horas de dedicación á vida municipal.*

*Eu quixera saber, e é unha pregunta que lles fago, e que xa se tomará a decisión no momento oportuno, supoño, pola súa banda, é quen os vai a defender e a quen lle van pedir vostedes informes no caso, que xa lles digo que vai a ser así, de que o vamos a levar ao contencioso administrativo e quen o vai a pagar. Entendo que a Deputación Provincial, non é a Deputación Provincial senón que é a Asesoría Xurídica, que son os letrados que cooperan na asistencia co resto dos concellos, e me imaxino que son xente que levan aí tempo e ten experiencia, e entendo que interpretan a lei e tratan de ser o máis obxectivos posible, non creo que fagan un trato de favor polo alcalde da Pobra do Brollón nin polo alcalde de non sei onde. A súa labor é interpretar, interpretar a lei.*

+ Intervén o portavoz independente.

*Con respecto... é ben certo o que vostede di de que aquí se puxo unha contía para o grupo de goberno, e que despois de ao cabo de me parece que cinco meses que se fixo esa rebaixa, pero quérolle recordar que este grupo, e creo entender que tamén o grupo do partido socialista, fomos contrario a esas remuneracións. É dicir, que quede claro tamén de que non estabamos xa de acordo en aquel momento coas remuneracións.*

*E con respecto ao tema do contencioso, o que si me gustaría saber, en representación dos cidadáns aos cales nos representamos, e supoño que tamén terán a mesma inquedanza o resto dos compañeiros, e é dicir, este recurso se vai a facer a través do concello, con cartos a cargo do concello, é dicir, a título persoal, de que forma se vai a facer este... (o alcalde di: o vamos a formular o alcalde e eu; vostedes terán que dicir como se defende o concello do recurso que nos imos formular). Non, non, non, un momento, creo e... non, vamos, o recurso... (o alcalde di: os gastos nosos pagarémolos nos, evidentemente). O que quero dicir é que as veces non me queda claro, é dicir, que quede claro que esta é unha actuación que vostedes a título persoal, porque se senten, se senten nos seus dereitos iso, pois é un pouquiño o recurso.*

*Ben. E con respecto a... teña vostede que a decisión que se tomou aquí é unha decisión corporativa deste concello. Quero dicir que o pleno é o que toma a decisión, non son os grupos políticos. É dicir, que a decisión final, eh?, son que o pleno deste concello toma esa decisión, en onde hai tres, cinco, sete representantes que deciden unha cousa e hai catro representantes que deciden outra. É dicir, que entón a postura oficial do concello, eh?, a ese respecto, está clara. Entón está claro de que se realmente hai que facer un recurso, e o recurso que se formula de defensa, é un recurso que o ten que presentar o concello defendendo os intereses do concello que é a decisión que se tomou nese pleno no concello. Eu iso tamén creo que está aí previsto.*

+ Intervén o alcalde.

*Claro. É que a defensa xurídica do concello, me refiro a quen a vai a facer posto que a Deputación non vai emitir un informe contrario ao que xa opinou. Van vostedes a contratar unha asesoría privada?*

+ Intervén o portavoz independente.

*Terémolo que decidir no seu momento. É dicir. A nos, cando ao concello, porque en realidade... Imos a ver vostede si se decata deste asunto como vai. É dicir. Vostede vai a presentar unha moción non contra os grupos políticos, PP, PSOE e independentes. Vostede vai a presentar unha moción contra unha resolución do concello. Ben. Cando a este concello, como se fai en calquera outra cousa. Cando a este concello lle chegue esa resolución, haberá que tomar un pleno, vostede terá que convocarnos, a ver que resolución tomaremos, como concello en aquel entón.*

+ Intervén o alcalde.

*Xa lles advirto para que vaian pensando niso, porque xa lles digo que imos recorrer ao contencioso administrativo.*

+ Intervén o portavoz independente.

*Pero iso é como se vostede me di agora que mañá alguén vai a reclamarlle ao concello, é dicir, calquera traballador do concello lle vai a reclamar, e que quen vai a representar ao concello; pois aquelas persoas que o concello, ou sexa, o concello a través dos seus representantes legais decidan n aquel momento.*

+ Intervén o portavoz popular.

*Sería poñer o carro diante dos bois. Entón, chegado o seu momento, pois, claro, decidirase o tema.*

+ Intervén a portavoz socialista.

*Bo. Eu vólvolle a indicar que os motivos eran totalmente obxectivos e incluso na moción que presentabamos figura por escrito, pedíamos que se nos indicara entonces o tempo, o horario de dedicación ao concello, que tampouco se nos aportou. E paréceme un pouco triste que dalgunha maneira se xudicialice aquí, digamos que as decisións políticas, e tamén que cando non se está de acordo cunha decisión do pleno, pois se vaia...*

*Entón dígame vostede cales son, ou saquemos da Lei de Réxime de Bases Locais [sic], saquemos aquelas competencias que lle parece que non debe utilizar un pleno, das que non debe facer uso un pleno. (interrompe o alcalde e pídelle que sexa máis explícita, que non a está entendendo). Lle estou dicindo que a decisión que estamos tomando, creo que ven regulada na Lei de Réxime de Bases Locais [sic]. Agora, se hai algunha destas leis, ou dalgunha que nos atribúe esta competencia de poder modificar, por exemplo, os salarios do equipo de goberno, ou algunha máis que ao mellor tampouco lles guste, pois, se lle parece sacámola da Lei de Réxime de Bases Locais [sic].*

+ Intervén o alcalde.

*Ben. Eu quería dicir unha cousa con respecto ao que vostede acaba de dicir. Aquí non se está xudicializando a vida política; aquí o que se esta facendo é que persoas que entenden que esta situación non é a correcta, e nun estado de dereito, evidentemente, para iso está a vía xudicial e a vía, neste caso, contencioso administrativa, e como cidadáns temos todo o dereito do mundo a defender o que creemos que é de lei para nos. Entón vostede non pode recriminarnos que xudicializamos a vida política. (en segundo plano fala de xeito inaudible a portavoz socialista). Contenciosos administrativos, como pode saber, existen nas administracións cada día un montón deles, e este caso é un máis, e polo tanto aquí, non estamos xudicializando nada. Estamos, algunhas persoas que nos sentimos agraviadas, estamos intentando defendernos diante da xustiza, e iso e o que garante, afortunadamente, o Estado de Dereito.*

*E o que lles formulo tamén, e xa, porque xa é a última quenda, e imos ter unha quenda todos, o último xa, a última pregunta é se teñen pensado, xa que a situación do concello é tan grave, pois, rebaixarse tamén, nunha contía polo menos parecida, as asignacións aos grupos políticos e as contías que se perciben por asistencia aos plenos.*

+ Intervén o portavoz independente.

*Bo. Con respecto xa para rematar o tema anterior, dígolle que [inaudible], é dicir, xa lle recoñecín todos os dereitos, e ao seu compañeiro, de asistir, pero ese dereito, é dicir, pasa por ser un dereito particular, é dicir, como persoa que se sente danada en seus dereitos, e outra cousa que lle quero dicir, que iso, que lle volvo a dicir, é dicir, iso vai contra o concello, porque é unha decisión do órgano máximo que ten este axuntamento. O órgano máximo non é nin sequera o grupo de goberno, é o pleno, que é o grupo máximo, o órgano máximo de definición deste, da normativa que se sigue neste concello. Non? E iso con respecto a...*

*Mire vostede. Si, postos así, se a vostede lle parece que ganando 14 pagas de 1.245€ lle parece pouco, imaxínese o que nos representa que, tendo en conta que temos un pleno cada dous meses, temos un pleno cada dous meses, este ano pois imos levando este ritmo, o ano pasado, ou sexa, na lexislatura anterior nin sequera levabamos ese ritmo, falamos de 6 plenos, 6 plenos por 50 son 300€ ao ano, e os grupos de goberno por funcionamento, mire vostede, se a vostede lle parece que esa é una contía que se pode rebaxar máis, díganos vostede unha contía e estudarémolo.*

+ Intervén o portavoz popular.

*Con respecto a esa pregunta, a verdade é que é un pouco...un pouco insidiosa, non? E... para empezar a asistencia aos plenos é das máis baixas que hai no contorno, está entre 70-90€ en todos lados. Nos colaboramos en todo, pásannos a información por e-mail, nos gastamos dos nosos cartos imprimindo na nosa impresora, por favorecer ao concello, os grupos políticos tamén son dos menos, dos de menos asignación do contorno, entón baixar máis... non sei, se iso vimos aquí e non cobramos nada. Pero me parece que... que colaborar máis é imposible xa. Gastamos dos nosos cartos, da nosa impresora, do noso ordenador e do noso todo.*

+ Intervén a portavoz socialista.

*No pleno no que se aprobou isto, o partido Socialista, e de feito, e tendo en conta, e recoñecendo que non é unha contía alta, tampouco, tamén lle dixera a vostede que lle parecía que, se hai prioridades pois ao mellor a dos grupos políticos, a asignación, non era, non era adecuada. Faga vostede a proposta.*

+ Intervén o alcalde.

*Bo. Xa para rematar, simplemente facer dúas aclaracións e xa remata o debate. Efectivamente, os plenos sempre, os plenos son soberanos para adaptar acordos, pero no todos os acordos, se son ilegais, tampouco por que os adopte un pleno poden ir... ao final. Quere dicir que un pleno tamén pode acordar cuestións que non son legais, podería suceder ese caso.*

*En segundo lugar, xa para responderlle, [dirixese á portavoz socialista] pero ese xa é un tema de debate de outro pleno cando se convoque, e o tema de que vostedes, efectivamente, formulaban unha redución en canto ás asistencias a plenos, pero querían un pleno mensual, co que iso non redundaría en aforro para o concello. Eu creo entender que esa era a proposta que vostedes fixeron. (interrompe a portavoz socialista dicindo que eran varias alternativas propostas e que propuxeran tamén...) Ou sexa, era un pleno mensual co que estaríamos no mesmo (interrompe novamente a portavoz socialista quen di: sempre e cando non tiveran delegadas as competencias que neste momento as teñen, e repítolle que faga vostede a proposta). Ese é un tema que tocará máis adiante se é oportuno.*

*Polo tanto, xa, unha vez rematado o debate, imos proceder á votación.*

*Sometido a votación o recurso de reposición, rexéitase ao obter catro votos a favor do grupo nacionalista e sete en contra dos grupos independente, popular e socialista.*

### **1.05º.- ESCRITO DOS TRABALLADORES DO CONCELLO.**

Dáse conta da seguinte escrito dos traballadores do Concello ditaminado pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Jaime Carballo Novoa, con D.N.I. nº. 50.153.540-Q, Iago Enríquez Díaz, con D.N.I. nº. 34.269.024-J e Marcos Alves Valcárcel, con D.N.I. nº. 34.268.128-Z, con domicilio a efectos de notificación, na Casa Consistorial, empregados públicos do Concello da Pobra do Brollón e representantes sindicais dos traballadores laborais de este concello, en nome de todos os empregados públicos,

#### **EXPOÑEN:**

Que os traballadores do concello, funcionarios e laborais, reunidos en asemblea celebrada o pasado día 4 de xaneiro de 2012 acordaron por unanimidade, entre outras cousas, dirixirse á Corporación para solicitar a reconsideración e anulación do acordo adoptado polo pleno en sesión extraordinaria de 28 de decembro de 2011 relativo ás retribucións dos membros da corporación con dedicación.

Consideramos que dita actuación é antisindical e contraria aos dereitos dos traballadores, e polo tanto non é propia daqueles concelleiros que sexan traballadores por conta allea ou estean afiliados a algún sindicato, como seguramente non lle gustaría que algo igual o fixesen na súa empresa.

Como empregados por conta allea estamos dispostos a defender o dereito a un salario digno e de todos os dereitos adquiridos por calquera traballador.

Como empregados públicos queremos defender a dignidade da función pública que todos, funcionarios, laborais e corporativos con dedicación desempeñamos e que non pode estar ao muxo das oscilacións políticas da corporación.

#### **SOLICITAMOS:**

*A elevación ao Pleno deste escrito para que acorde a anulación do citado acordo de 28 de decembro relativo ás retribucións dos membros da corporación con dedicación ao concello.*

*Así mesmo, e considerando que este é un asunto de interese xeral por afectar ao dereito constitucional de representación política, se permita a participación no pleno dun represen-*

tante dos traballadores ao abeiro do disposto no artigo 51.1 do Regulamento Orgánico do Concello.

+ Intervén o alcalde

*Se alguén dos traballadores desexa expoñer dito escrito.*

+ Intervén o portavoz independente

*Formúlase unha cuestión de orde simplemente en principio dentro do regulamento de funcionamento do Pleno, creo entender que non estaba contemplada esta, vai por diante que non nos vamos a opoñer, pero que digo creo, gustaríame que o señor secretario se estaba do Regulamento de funcionamento do Pleno se está contemplado este mecanismo de presentar un escrito e que o lea un representante.*

+ Intervén o secretario

*Xa foi aplicado en dúas ocasións unha foi presentada pola plataforma de plataforma sanitaria e eu mesmo, onde se efectivamente se o alcalde que convoca o pleno considera que é de interese xenérico e non de interese concreto do solicitante se se lle pode permitir a intervención.*

+ Intervén o portavoz independente

*Era un punto ao final do pleno nas mocións,*

+ Intervén o secretario

*Nos casos anteriores foi dentro do pleno,*

+ Intervén o portavoz independente

*Era simplemente unha pregunta de forma, evidentemente como grupo democrático que somos non vamos impedirlle e menos aos traballadores deste Concello,*

+ Intervén o portavoz do Grupo popular

*Se podemos facer preguntas nos se alguén fala dos traballadores.*

+ Intervén o representante dos traballadores

*O persoal do Concello da Pobra do Brollón, ante a grave situación producida polo acordo do Pleno Extraordinario do concello o día 28 de decembro quere manifestar o seguinte:*

*O rexeitamento dese acordo a todas luces inxusto.*

*A súa total solidariedade co alcalde e o tenente alcalde afectados.*

*A defensa en todo tempo e lugar dos dereitos adquiridos polos traballadores e a un salario digno.*

*O rexeitamento da actuación antisindical e contraria aos dereitos dos traballadores posta de manifesto pola maioría do pleno.*

*A defensa da dignidade da función política fundamental para o mantemento da democracia e do sistema de liberdades e dereitos.*

*Consonte co anterior acordan:*

*Dirixirse ao Pleno do concello solicitando a reconsideración e anulación do acordo de 28 de decembro.*

*Manifestar ante a opinión pública a desconformidade do persoal co acordo adoptado e o apoio aos afectados trasladando esta decisión aos medios de comunicación social e a cantos foros da rede se teña acceso.*

*Comunicar aos partidos políticos aos que pertencen os concelleiros que votaron esa resolución a súa decisión explicándolles as causas que xustifican este rexeitamento.*

*Comunicar aos sindicatos aos que estean afiliados os edís responsables a posición antisindical e contraria á defensa dos dereitos dos traballadores posta de manifesto no devandito acordo.*

*Comprometerse colectivamente na defensa de calquera empregado do concello que poida recibir represalias no futuro como consecuencia deste escrito.*

+ Intervención do grupo independente

*O escrito está asinado por tres persoas?, aí, había mais.*

+ Intervención do secretario

*Houbo unha asemblea de traballadores e eles os representantes sindicais en representación presentan este escrito.*

+ Intervención do grupo independente.

*Houbésemos gustado que debaixo de cada sinatura constase aparecese o nome e DNI. Contestarlle que creo que calquera de nos defendemos a dignidade dos traballadores,.*

+ Intervención do secretario

*É un acta da asemblea non é a petición.*

+ Intervención do alcalde

*Nos lemos o escrito que presentan os traballadores e temos coincidencia co que aquí se opina, porque independentemente se produza aquí un caso puntual no Concello da Pobra do Brollón, aquí existen dúas cuestións importantes, neste escrito o que se manifesta é que os traballadores deste concello están en contra das reducións salariais non só dos traballadores da administración senón de tamén de todos os traballadores en xeral polo que eu intúo nesta moción, o cal coincide con esta postura plenamente porque xa rebaixamos o cinco por cento do salario porque tampouco queriamos que esa redución salarial se producida cos traballadores por coherencia fixémoslo así, entendemos que unha redución de salarios por un lado provoca a crise a estea solventando sempre os mesmos e por outra banda unha redución de salarios o que se está provocando é unha retracción do consumo co cal contribuirá a aфонdar unha situación de crise económica que temos no país.*

*Nos tamén entendemos que dende o BNG e coincidimos ca postura dos traballadores se que hai outras medidas que poden paliar e axudar a crise como facendo unha fiscalidade mais progresiva, onde paguen mais os que mais teñen, combatendo o fraude fiscal, facendo unha reestruturación da administración que axude a facela mais eficaz, evitando paraíso fiscais, evitando as SICAV, co cal estamos en contra das reducións salariais non soamente no Concello da Pobra do Brollón senón tamén no ámbito laboral deste país. Xa que coincide con este momento que persoalmente lle agradezo aos traballadores amosando este apoio en este caso a unha situación que está formulando neste concello e que entendo que se está producindo neste concello e como ben dixo o representante que acaba de ler o manifesto é unha mostra de apoio independentemente da cor política que exista nun concello e que iso serve para dignificar a vida política e non permitir abusos salariais dos grupos de goberno pero si unha remuneración que permita desenvolver unha actividade política con total dignidade, polo tanto esta explicación do noso sentido de voto, que vai ser a favor desta moción que presentan os traballadores.*

+ Intervención do grupo independente.

*Eu creo que hai que diferenciar as dúas vertentes da moción, vólvelle a repetir, dende a miña posición persoal e a do noso grupo que defendemos e supoño que calquera dos concelleiros que estamos aquí, defendemos a profesionalidade dos traballadores que deben ter unha remuneración axeitada ao seu traballo e que sexan dignas. Pero efectivamente iso tamén o recolle a Constitución que todo o mundo ten dereito ten dereito a unha vivenda digna, a un traballo digno, a unha sanidade digna e todo iso,*

*pero desgraciadamente pois ao mellor iso non se recolle, non quere dicir que non loitemos permanentemente por conseguir isto. E dicir a dignidade no traballo evidentemente hai dúas cousas, a propia dignidade que ten un traballador, é dicir loxicamente un ten que estar satisfeitos cun traballo que realiza ca atención que realiza. Nos somos servidores públicos dende o punto de vista da miña profesión, nos somos servidores públicos e temos que dar o máximo tentar solucionarlle o maior dos problemas. Eu creo, todos vostedes traballadores do Concello están por esa labor.*

*Ben, entón iso é unha cousa, a dignidade outra é a dignidade económica pois mire hai persoas que dentro do concello que ganan tres centos noventa e tres euros, hai persoas que ganan cento trinta euros, outra contía tres centos corenta e cinco, xa que me imaxino que a contía vai en relación a función que desempeña e numero de dedica ese traballador aos concellos. Esas persoas tamén teñen dereito a súa dignidade e loxicamente ese primeiro punto apoiamos incondicionalmente a todos non nos afecta sexamos traballadores da función pública ou sexamos traballadores da vida privada é dicir se nos están recortando. Aquí falase que se ten que facer unha fiscalidade progresiva, xa temos unha fiscalidade progresiva pode ser que non sexa a mais xusta pero faise e dicir cando se di os funcionarios públicos se lle reten un cinco por cento non é así. Hai funcionarios públicos os que se lle reten un un por cento, un dous, un cinco, un oito e un nove por cento e cando se lle di que o IRPF que paga hai xente que paga un dezaioito por cento, un vinte e dous por cento ou un trinta e dous por cento, xa hai unha progresión fiscal o que pasa e que pode ser que non sexa todo o xusta que poda ser pero tamén segue sendo inxusta no seu conxunto. Un pouquiño se pagamos o dezaioito por cento do IVE, pagamos a porcentaxe de IRPF, e os descontos e dicir, ao final pois moitos servizos para os nosos fillos para as nosas escolas, temos que dar un importe extra para as nosas escolas, comedores; estamos pagando as autoestradas, estamos pagando un sen fin de cousas que realmente o fondo final o neto que ten un traballador probablemente non é xusto pero hai que diferenciar o que é o noso traballo do que é a contía.*

*En canto a seguinte parte e dicir eu considero que mil douscentos corenta e cinco euros pois ven sendo hoxe en día unha cantidade relativamente digna para os salarios que hai en este momento. Eu considero que é un salario. Moitos profesionais con carreiras universitarias e incluso traballadores natos que se deixan a pel oito horas ao día pois probablemente non chegan a estas cantidades nin de asomo, tamén eses teñen a reclamación desa dignidade. Que todos estamos no mesmo carro de dignificar a nosa profesión e que a súa vez nos dignifiquen a nos, sendo un dos baremos a contía económica que percibimos, so un deles, outros mais que a mesma xente nos dignifica a nos e quedan agradecidos polo traballo que desempeñamos e que os tratamos ben e todo iso sen fin de cousas, todo iso pode ir a dicir a contía desa dignificación.*

+ Intervén o portavoz do Grupo popular

*Ben o Partido Popular en canto a este escrito vai na liña que di José Antonio, nos non temos nada en contra do persoal do Concello, creo, creo que gobernamos bastante tempo e non creo que non tiveramos nada en contra do persoal do Concello. Pero ante de todo voulle aclarar unha cousa os cargos públicos non son persoal do Concello nin están amparado polo estatuto dos traballadores. Iso que lle quede claro a todos vostedes. Os cargos públicos van non están, vanse, cobran mentres están ou non cobran. E dicir en canto a defender aos traballadores non é moi distinto, eles son cargos públicos, nos somos cargos públicos e vostedes traballadores e teñen dereito a un soldo digno e a toda a dignidade que queiran e que lle quede claro que non están amparados polo estatuto dos traballadores, está moi claro o tema este. Nin sequera van cobrar liquidación cando se vaian. E vostede sabe que si lle hai que rescindir o contrato ao persoal laboral hai que indemnizalos. Nos en absoluto vamos en contra dos traballadores, como se andou rumoreando por aí de que, en fin, lle iamos a baixar o soldo os traballadores, nin temos competencias que son dos pleno nin as que as tiveramos os iamos baixar, ao contrario se as puideramos subir, sobre todo a algúns que lle faría bastante falta digo pola cantidade que cobran.*

*En canto o tema do escrito, a verdade que a min houbérame gustado, que se houbera presentado asinado xa que este escrito podía facelo calquera, podo facelo eu maña con todas estas sinaturas, eu non digo que non asinadarades pero estas firmas non teñen ningún valor, teñen que ter nome e apelidos para*

*outra vez que se faga outro escrito por que a nos cando temos que presentar así se nos esixen. Que quede moi claro que nos en contra dos traballadores non imos.*

+ Intervención do secretario

*O escrito como xa se dixo dúas veces, aclaro que o escrito quen o presenta son tres representantes sindicais en nome dos traballadores e os tres se identifican arriba con nome e apelidos e DNI e o que se adxunta é un acta da reunión non é un escrito para os concelleiros. Quen presentan o escrito son tres traballadores do concello que son os que actúan en representación dos traballadores e iso é plenamente válido, a acta dos traballadores foi entregada por erro administrativo.*

+ Intervención do portavoz socialista.

*Nos gustaríamos saber quen convocou esa asemblea e si os traballadores que foron convocados se lles comunicou a orde do día pero de todos xeitos non para nada volvemos un pouco a repetirmos entón vou ser breve, para nada poñemos en dubida nin creemos que estamos danando a dignidade da función pública nin a dignidade do traballador esas medidas que tomamos críamos, creemos neste momento que son medidas xustas que non teñen ningún tipo de desviación de poder e que non teñen ningún tipo de situación psicolóxica dende logo que non están medidas e si teño que recoñecer que me doe bastante a expresión “non poden estar ao muxe das oscilacións politizas da corporación” para nada, porque no primeiro pleno aprobouse algo que parte deste pleno xa non aprobou e logo se cambiou porque cambiou a situación dos membros do goberno e pois nada mais. Respectar por suposto este escrito e a vosa petición pero dicir que nos non representamos só os traballadores do Concello pode haber unha parte de eses traballadores aí representados por suposto, pero nos representamos a todos os que dalgunha maneira nos votaron todos os veciños da Pobra do Brollón.*

+ Intervención do grupo independente.

*Nos vamos a rexeitar entendemos que hai dúas posturas, o que vostede falou é unha cousa, en representación dos traballadores do Concello, pero o que se solicita nesta moción unicamente e exclusivamente ao final solicitamos realmente nos está pedindo a nos a elevación ao pleno deste escrito a anulación do acordo de 28 de decembro relativo as retribucións dos membros da corporación con dedicación do Concello, se vostede nos trae dúas partes que acollemos a que non se deteriore a función pública nos votaríamos a favor, pero realmente o que vostede en representación dos traballadores, simplemente e llanamente pide que revogemos algo que xa dixemos polas razóns expostas anteriormente a súa intervención xa dixemos que rexeitamos polas razóns expostas entón realmente o que vamos a votar e o que piden ao pleno as retribucións do alcalde e Concelleiro.*

+ Intervención do partido popular.

*Vamos a votar en contra*

+ Intervención do partido socialista.

*Respectamos por suposto este escrito pero vamos a manter a mesma posición.*

+ Intervención do alcalde.

*Nos xa dixemos que nos iamos a sumar non so por que neste momento se produza unha situación particular que pode dar lugar a malas interpretacións porque nos creemos e así o defendemos anteriormente que consideramos pois que os argumentos que utilizamos na defensa do recurso.*

Sometida a votación a anterior proposta, desestimase o escrito dos traballadores cos catro votos a favor do grupo nacionalista e os sete en contra dos grupos popular, socialista e independente.

### **1.06º.- ASOCIACIÓN DE CONCELLOS PARA O FOMENTO DO COOPERATIVISMO.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.



No marco da actual crise económica compre que as administracións públicas apoiem as iniciativas que leven a dinamizar a economía e xerar postos de traballo en estruturas estables. Nesta liña o cooperativismo é unha opción axeitada ás características da nosa estrutura produtiva, especialmente no sector primario, pero en xeral en todos. Por tal motivo, e á vista do disposto na Orde de 31 de decembro de 2011 da Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, especialmente no artigo 2.2 da mesma, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Asociarse cos concellos de Monforte de Lemos, Chantada e Ribas de Sil, pertencentes á mesma zona que o Concello da Pobra do Brollón, e a aqueles outros que no seu caso queiran adherirse, para desenvolver programas conxuntos de actuación na promoción e fomento do cooperativismo.*

2.- *Designar ao concello de Monforte de Lemos como representante da asociación aos efectos da Orde de 31 de decembro de 2011 da Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.*

3.- *Autorizar ao concello de Monforte de Lemos para solicitar en nome deste concello as achegas previstas na citada orde.*

4.- *Comprometerse a aportar a parte proporcional que lle corresponda no financiamento da actividade de acordo co establecido na citada orde. O reparto da achega dos concellos fa-  
rase proporcional á poboación de cada un.*

5.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e en especial para a sinatura dos acordos ou convenios entre os concellos que se deriven deste acordo.*

O alcalde explica amplamente o contido da proposta. Aclara que nun principio se contaba con Sober, pero que ao final renunciou para incluírse noutro grupo. Indica que se contratará un técnico para os catro concellos e que a súa sede será en Monforte. A pregunta do portavoz independente aclara que sendo a sede en Monforte se desprazará a todos os concellos afectados. Informa que o reparto de custos será en proporción a poboación, polo que a achega do concello estímase en 132€.

O portavoz independente suplente di que van a apoiar a proposta pero lamenta que por razóns políticas se fagan dous grupos na comarca.

O portavoz popular di que tamén o apoiarán. A portavoz socialista pregunta se o número de catro é máximo ou mínimo, e o alcalde responde que mínimo. A portavoz independente anuncia o seu voto a favor.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.07º.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL.**

Por unanimidade se acorda retirar este asunto da orde do día.

## **2.- PARTE DE CONTROL:**

### **2.01º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.**

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos ditados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan.

Data	Concepto
29/12/2011	Cancelación póliza de crédito Novagalicia Banco
30/12/2011	Autorización salón de actos Casa da Cultura Olga Novo a D <sup>na</sup> . Olga Novo Presa
06/01/2012	Encargo do Asesoramento e defensa xurídica das Corporacións Locais a Exma. Deputación Provincial de Lugo e a representación do Concello a calquera dos

	procuradores dos que teña nomeado.
12/01/2012	Autorización baixo Casa da Cultura ao Club Guimaromotor os días 14 e 15 de xaneiro de 2012
13/01/2012	Pagamento facturas de OPAGA 003,SL
23/01/2012	Pagamento de factura de D. Xosé Lois López Otero
02/02/2012	Autorización celebración San Blas en Cereixa
10/02/2012	Autorización celebración Entroido Salcedo
14/02/2012	Pagamento de facturas a M <sup>a</sup> Carmen Álvarez Blanco e Arenal Perfumerías, S.L.

## **2.02º.- COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA.**

+ Intervén o alcalde.

*Informar ao pleno que quen xestionaba a emisora municipal presentou un escrito renunciando a súa xestión, neste momento non hai ninguén que xestione dita emisora tratase dun tema parecido a SGAE, a cal lle cobraba sobre uns tres mil euros por emitir cousas que non debería. En segundo lugar sabemos todos que esta emisora estaba nunha situación de ilegalidade porque unha emisora de 50 vatios so podía emitir para o Concello e estábanse interferindo outras frecuencias e ante o temor a posibles denuncias este home pois decidiu renunciar a este tema. El ten que responsabilizarse de toda a xestión porque así o di o contrato. O concello non ten ningún tipo de responsabilidade xurídica. O ilegal para chegar a todo o Concello necesita dese tipo de repetidor de 50 vatios.*

## **2.03º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

+ Intervén o portavoz independente.

*Por unha cuestión de orde é que o grupo de goberno non pregunta a oposición é a oposición quen pregunta ao grupo de goberno. É unha cuestión de orde.*

\* P-01/12

+ Pregunta oral que formula o tenente alcalde.

*Gustaríame saber por que neste caso din que se variaron as condicións de traballo e non sei que historias porque se me reduce un cincuenta por cento e un corenta ao alcalde.*

+ Intervén o portavoz independente.

*A situación económica deste concello non permite este tema, nos o que propuxemos no seu momento é que a cuantía do aval como se o señor alcalde che da ti, ou ti ao señor alcalde. Ti es un autónomo da construción, na hostalería. De feito houbo xente que fixo o comentario a que hora vas atender cada un dos negocios. Persoalmente non teño nada simplemente o tema porque se reduce entendemos, eu tamén me fago a pregunta todos os días; qué mal fixen eu para que me reduzan o meu soldo, tamén me o pregunto. Digo a nivel do soldo eu tamén me pregunto por que Estado, Xunta a Consellería mo reduciron o soldo e chego a conclusión que é pola situación económica deste país, situación que eu nin ti xeramos pero que somos os últimos que recibimos esa situación.*

*O que che quero dicir que a nos como grupo non nos podes dicir que che rebaixamos unha porcentaxe nos xa non estabamos de acordo dende o primeiro pleno, cando se puxo o salario xa non estabamos de acordo con esas cuantías. Que o único que pasou foi a situación que foi andando no tempo o Concello a min gustaríame ter o presuposto, entón daríaste conta que cando o Sr Concelleiro de Facenda nos presente os orzamentos pois vemos que hai reducións de contías en outros sitios. Que vaines haber me imaxino. Entón tamén nos virán as traballadoras dos servizos sociais ou os que teñen a escola de música os que teñen o departamento de cultura e dirán vostede porque me reduce o soldo, exactamente a mesma pregunta que te fas ti.*

+ Intervén o tenente alcalde.

*Eu non pregunto porque se me reduce o soldo, pregunto pola porcentaxe, eu un cincuenta e o alcalde un corenta, porque as horas miñas profesionais as que dedico ao bar e dedico á construción non teñen nada que ver cas que lle dedico ao concello ou estáseme recriminando que non o fago.*

+ Intervén o portavoz independente.

*Aquí dende o principio, pártese dun erro, o erro que se parte e que ti non tiñas asignado unha cantía determinada porque aquí o que o señor alcalde disporá dun número de horas non quere dicir que dispoñas de todas as horas.*

+ Intervén o alcalde.

*A designación é aos grupos do goberno e logo en función das responsabilidades.*

+ Intervén o portavoz independente.

*Vostede tiña a responsabilidade un número de horas pero non se fixaba o número de horas.*

+ Intervén o alcalde.

*Cinco horas e media.*

+ Intervén o portavoz independente.

*A vostede se lle reduce 700 euros hai unha diferenza de 300 euros, o que vostede vai a recibir, se fora o 50 e o 50, o 40 e o 40, supoño que vostede preferiría 40 e 40.*

+ Intervén o portavoz do partido popular.

*Cando aprobamos por primeira vez os soldos para o equipo de goberno danse as circunstancias que eran pois a nosa intención que o falamos toda a candidatura. Eran 3.400 euros, 2.000 euros para o alcalde e 700 para cada concelleiro porque sabemos que non ía cobrar un concelleiro. O de rebaixar o 50 por cento era para adecuar a túa asignación aos 700 euros para adecuar o que en principio aprobáramos, porque 1.400 eran para dúas adicións parciais.*

+ Intervén o portavoz do partido socialista.

*O partido socialista no pleno non estaba de acordo con esas cuantías de todos os xeitos entendíamos que esas cantidades era para dous concelleiros entón por iso o reducimos un 50 por cento considerabamos que se o outro concelleiro non cobraba o que cobraba que cobrase a cantidade que lle correspondía. E despois hai que ver o sentido da responsabilidade non ten nada que ver co traballo que desenvolve cada un pero creo que ten cada un, ten un grado mais de responsabilidade o alcalde que os concelleiros, de feito a hora de dedicación do alcalde era superior estipulada. Por vos mesma creo que eran 270 euros e 250 euros.*

\* R-01/12

Rogo oral feito polo concelleiro socialista Javier González González.

*Agradecemento público ao Concello, concelleiro de Cultura, Vicepresidencia primeira da Deputación e Includes pola colaboración no Entroido de Salcedo. Pois os tres agradecemento de por o Entroido de Salcedo no lugar que está.*

\* P-02/12

+ Pregunta oral que formula o portavoz do grupo independente.

*Gustaríame saber como quedou o tema da póliza de crédito, se se renovou en que condicións.*

- Resposta do Concelleiro de facenda.

*Pasou de 220.000 euros e baixou a 180.000 euros as mesmas condicións, sen comisións, subiu o diferenciais foron os que subiron.*

\* P-03/12

+ Pregunta oral que formula o portavoz do partido popular.

*Tivo o Antroido de Salcedo subvención do Concello?*

- Resposta do alcalde.

*O concello colabora para que a Deputación se implique, o concello non ten diñeiro. Asinouse un convenio de colaboración coa Deputación para o financiamento do Antroido de Salcedo. A subvención e vía convenio coa Deputación.*

\* P-04/12

+ Pregunta oral que formula o portavoz do partido popular.

*Referente ao solo industrial.*

- Resposta do alcalde.

*Se refire ao solo industrial da lei, creo que foi suficientemente explicado no goberno bipartito que os solos industriais a Deputación provincial non tiña intención de ter multitude de polígonos que estiveran a xestas, e polo tanto hai un plan estratéxico con eses recursos se vai asinar con Suplusa, se van a construír mini residencias.*

\* P-05/12

+ Pregunta oral que formula o portavoz do partido popular.

*Vaise pedir obradoiros de emprego?*

- Resposta do alcalde.

*Se saen obradoiros de emprego vanse solicitar e solicitamos a súa colaboración para que veña o obradoiro.*

\* P-06/12

+ Pregunta oral que formula o Concelleiro Juan Ramón Méndez Quiroga.

*A situación recente da retirada da prima das enerxías renovables como queda a situación da central da Biomasa?*

- Resposta do alcalde.

*Se que é unha dificultade, eu falei ca empresa Norvento e todo isto ia asociado a un proxecto eólico, para por en marcha un proxecto eólico necesariamente leva aparelado a central de biomasa, co cal vai ser un impedimento e estase negociando coa Consellería para que se faga un trato especial ou singular para as centrais de Biomasa que so serían sete, e non se construírían todas, a liña de negociación iría no sentido de non son moitos megavattios en segundo lugar é un ben medioambiental que a diferenza de outro tipo de enerxías, e a limpeza do monte, o que si podo dicir e que pediron información de mais metros cadrados podería instalar unha planta de Peles, utilizar a calor da planta de Biomasa para disecar a materia forestal e utilizala para calefaccións. Co cal eu entendo que se piden esta información o proxecto vai para adiante.*

\* P-07/12

+ Pregunta oral que formula o Concelleiro Juan Ramón.

*A fabrica de peles non necesita solo industrial?.*

- Resposta do alcalde.

*Non xa que é unha actividade relacionada co tema forestal. Toman en consideración esta posibilidade.*

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte e unha horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a dezaseis de abril de dous mil doce.

v. e pr.

O Alcalde,



